

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**20139** *Lei 43/2010, do 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### ÍNDICE

- Título I. Disposicións xerais.
  - Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación da lei.
  - Artigo 2. Natureza e réxime de prestación dos servizos postais.
  - Artigo 3. Definicións.
  - Artigo 4. Servizos excluídos.
- Título II. Dereitos dos usuarios dos servizos postais.
  - Artigo 5. Segredo das comunicacións postais.
  - Artigo 6. Inviolabilidade dos envíos postais.
  - Artigo 7. Protección de datos.
  - Artigo 8. Dereito á prestación dun servizo postal universal de calidade.
  - Artigo 9. Dereito de información sobre os servizos postais.
  - Artigo 10. Dereito de reclamación.
  - Artigo 11. Dereito de denuncia.
  - Artigo 12. Dereito a percibir indemnización.
  - Artigo 13. Dereito á propiedade dos envíos postais.
  - Artigo 14. Dereito de presentación de escritos dirixidos ás administracións públicas.
  - Artigo 15. Dereito á identificación do operador.
  - Artigo 16. Dereito á proba de depósito e entrega dos envíos certificados.
  - Artigo 17. Dereito de reexpedición e refusamento dos envíos postais.
  - Artigo 18. Dereito á protección dos envíos non entregados.
  - Artigo 19. Dereitos á información e presentación de reclamacións, denuncias e escritos das persoas con discapacidade.
- Título III. O servizo postal universal.
  - Capítulo I. Concepto e ámbito.
    - Artigo 20. Concepto.
    - Artigo 21. Ámbito.
  - Capítulo II. Condicións de prestación do servizo postal universal exixibles ao operador designado polo Estado.
    - Artigo 22. Principios e requisitos da prestación do servizo postal universal.
    - Artigo 23. Condicións de recolla e admisión dos envíos postais.
    - Artigo 24. Condicións de distribución e entrega dos envíos postais.
    - Artigo 25. Prazos de distribución e entrega dos envíos postais.

Capítulo III. Custo e financiamento das obrigas de servizo público do servizo postal universal encomendadas ao operador designado.

- Artigo 26. Obrigas de mantemento da contabilidade analítica e de separación de contas.
- Artigo 27. Custo neto das obrigas de servizo público do servizo postal universal.
- Artigo 28. Financiamento das obrigas de servizo público do servizo postal universal impostas ao operador designado.
- Artigo 29. Fondo de financiamento.
- Artigo 30. Financiamento do Estado.
- Artigo 31. Contribución postal.
- Artigo 32. Taxa pola concesión de autorizacións administrativas singulares.
- Artigo 33. Garantías.

Capítulo IV. Prezos e outras condicións tarifarias dos servizos postais.

- Artigo 34. Prezos.
- Artigo 35. Descontos e prezos especiais aos usuarios.
- Artigo 36. Sistemas de franqueo e pagamento dos servizos.

Título IV. Réxime xeral de prestación dos servizos postais.

Capítulo I. Disposicións xerais.

- Artigo 37. Réxime de prestación dos servizos postais.
- Artigo 38. Condicións de prestación dos servizos postais.
- Artigo 39. Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais.

Capítulo II. Declaracións responsables.

- Artigo 40. Ámbito e condicións das declaracións responsables.
- Artigo 41. Contido da declaración.

Capítulo III. Autorizacións administrativas singulares.

- Artigo 42. Ámbito das autorizacións administrativas singulares.
- Artigo 43. Requisitos para a obtención das autorizacións administrativas singulares e obrigas dos seus titulares.
- Artigo 44. Procedemento de outorgamento das autorizacións administrativas singulares.

Título V. Acceso á rede postal dos operadores e resolución de conflitos entre eles.

Capítulo I. Acceso á rede postal e a outras infraestruturas postais.

- Artigo 45. Acceso á rede postal dos operadores postais.
- Artigo 46. Tarifas de acceso á rede postal polos operadores postais.
- Artigo 47. Acceso a outras infraestruturas.

Capítulo II. Resolución de conflitos entre operadores postais.

- Artigo 48. Resolución de conflitos entre operadores postais e o operador designado para a prestación do servizo postal universal.
- Artigo 49. Conflito entre operadores non designados para a prestación do servizo postal universal.

Título VI. Autoridade nacional de regulamentación.

- Artigo 50. Autoridade nacional de regulamentación.
- Artigo 51. O Consello Superior Postal.

Título VII. Inspección, infraccións e sancións.

- Artigo 52. Competencia.
- Artigo 53. Facultades da inspección e deber de colaboración.
- Artigo 54. Procedemento sancionador e documentación das actuacións inspectoras.
- Artigo 55. Lugar de realización das actuacións inspectoras.
- Artigo 56. Infraccións e persoas responsables.
- Artigo 57. Responsabilidade solidaria.
- Artigo 58. Clasificación das infraccións.
- Artigo 59. Infraccións moi graves.
- Artigo 60. Infraccións graves.
- Artigo 61. Infraccións leves.
- Artigo 62. Sancións.
- Artigo 63. Criterios para a gradación de sancións.
- Artigo 64. Dedución das sancións.
- Artigo 65. Cobramento das sancións.
- Artigo 66. Multas coercitivas.
- Artigo 67. Medidas cautelares.
- Artigo 68. Extinción da responsabilidade.

Disposición adicional primeira. Operador designado polo Estado para prestar o servizo postal universal.

Disposición adicional segunda. Seguimento das condicións de prestación do servizo postal universal.

Disposición adicional terceira. Servizos mínimos de carácter obrigatorio.

Disposición adicional cuarta. Emisión e distribución de selos e outros signos de franqueo.

Disposición adicional quinta. Condecoracións postais e carteiros honorarios.

Disposición adicional sexta. Selo de excelencia de empresa postal sustentable.

Disposición adicional sétima. Mencións.

Disposición adicional oitava. Medidas adicionais e complementarias ás definidas nas disposicións adicionais cuadraxésimo primeira e cuadraxésimo segunda da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.

Disposición adicional novena. Modificación do prazo outorgado na disposición derradeira sétima da Lei 33/2010, do 5 de agosto, de modificación da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos nos portos de interese xeral.

Disposición adicional décima. Autorización para a realización de reenchementos no dominio público portuario do porto de Bilbao recollidos nos proxectos para o desenvolvemento urbanístico de Zorrotzaurre.

Disposición transitoria única. Condicións de prestación.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal.

Disposición derradeira segunda. Posta en funcionamento do censo promocional.

Disposición derradeira terceira. Servizos adicionais ou complementarios aos servizos postais.

Disposición derradeira cuarta. Título competencial.

Disposición derradeira quinta. Incorporación do dereito comunitario.

Disposición derradeira sexta. Habilitación normativa.

Disposición derradeira sétima. Entrada en vigor.

## PREÁMBULO

## I

Esta lei responde a unha obriga legal e a unha singular oportunidade para os servizos postais en España.

A obriga nace da necesidade de traspasar antes do 31 de decembro de 2010 a Directiva 2008/6/CE, do 20 de febreiro de 2008, pola que se modifica a Directiva 97/67/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 1997, relativa ás normas comúns para o desenvolvemento do mercado interior dos servizos postais na Comunidade e a mellora da calidade do servizo.

A oportunidade bríndaa este mesmo feito. É, xa que logo, o momento de dotármonos dun modelo completo e coherente para garantir un servizo postal universal eficaz, eficiente e de calidade, en consonancia coas demandas dos nosos cidadáns e empresas; un modelo que garanta de maneira efectiva os dereitos dos usuarios dos servizos postais, sexa cal sexa a natureza do seu prestador, e, finalmente, proporcione ao mercado un equilibrado e xusto marco para o exercicio da libre concorrencia baseado na protección do interese xeral e na ponderación dos intereses dos distintos axentes, públicos e privados, que operan neste mercado.

A existencia duns servizos postais de ampla cobertura territorial e de alta calidade e fiabilidade é unha condición necesaria para a promoción dun desenvolvemento harmonioso, equilibrado e sustentable das actividades económicas en España e no conxunto da Unión Europea. Como a propia normativa comunitaria recoñece, os servizos postais son un medio esencial de comunicación, comercio e cohesión social, económica e territorial, e no cumprimento da súa función de interese xeral contribúen ao logro dos obxectivos de equidade, emprego e protección social, ao tempo que favorecen a competitividade das empresas e a elevación da calidade de vida dos cidadáns.

A Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, levou a cabo unha regulación do sector postal español inspirada na Directiva 97/67/CE. Desde a súa entrada en vigor foron varias as modificacións experimentadas pola dita lei, como as introducidas polo artigo 95 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, pola disposición adicional vixésimo primeira da Lei 14/2000, do 29 de decembro, polo artigo 81 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, e polo artigo 106 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, todas elas de medidas fiscais, administrativas e da orde social, ou as máis recentes introducidas mediante a Lei 25/2009, do 23 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 22 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Xunto con todas esas modificacións, débese subliñar, así mesmo, a innovadora regulación dun dos órganos nacionais de regulamentación no sector postal, que foi incorporada ao noso ordenamento xurídico mediante a Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal.

Igualmente, máis alá do disposto na Directiva 97/67/CE, a Unión Europea continuou impulsando o proceso de reforma do sector postal, que desembocou na aprobación dun novo marco regulador dos servizos postais da Unión a través da Directiva 2002/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de xuño do 2002, pola que se modifica a Directiva 97/67/CE, co fin de proseguir a apertura da competencia dos servizos postais da Comunidade, e da xa citada Directiva 2008/6/CE, do 20 de febreiro de 2008, pola que tamén se modifica a mesma directiva co obxectivo de lograr a plena realización do mercado interior dos servizos postais comunitarios.

As referidas directivas, ao mesmo tempo que reiteran que os servizos postais constitúen un servizo de interese económico xeral de grande importancia económica e social, destacan que nos últimos anos gañaron en calidade e eficiencia e se orientaron mellor cara ás necesidades dos usuarios, mantendo a súa función na promoción das cohesións social e territorial. Así mesmo, reiteran as directivas europeas que os Estados membros deben velar para que a reforma do mercado postal resulte plenamente compatible co mantemento dun servizo postal universal de elevada calidade que sexa ofrecido en todo o territorio a prezos accesibles, de forma eficiente e con garantía da súa suficiencia financeira.

Con esta lei preténdese proporcionar un novo marco legal que, ao tempo que incorpora ao noso ordenamento interno a citada Directiva postal 2008/6/CE, garante os dereitos dos cidadáns a recibir un servizo postal universal de ampla cobertura territorial e elevada calidade e eficiencia, e reforza a sostibilidade financeira deste servizo que se encomenda á sociedade estatal Correos e Telégrafos, S.A.

Respecto á calidade dos servizos incluídos no ámbito do servizo postal universal, a lei ten como obxectivo garantir que o operador designado en España para a prestación do dito servizo alcance na súa prestación uns estándares de calidade similares aos dos países máis avanzados nesta materia no conxunto dos 27 Estados membros da Unión Europea.

## II

A lei estrutúrase en sete títulos, dez disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e sete disposicións derradeiras.

Os sete títulos regulan, respectivamente, os aspectos xerais; os dereitos dos usuarios dos servizos postais; o servizo postal universal e os seus prezos e outras condicións tarifarias; o réxime xeral de prestación dos servizos postais en España; o acceso á rede e a outras infraestruturas postais e a resolución de conflitos entre operadores; a autoridade nacional de regulamentación; e, finalmente, as cuestións relacionadas coa inspección, as infraccións e as sancións.

A lei configura, de acordo coa directiva que traspón, tres áreas ben definidas de servizos postais.

Dunha parte, como cerna do sistema, o servizo postal universal, cuxo alcance material e exixencias formais se fixan no título III e que se encomenda en réxime de obrigas de servizo público ao operador público Correos e Telégrafos, S.A. Doutra, os servizos que, caendo baixo o alcance material do servizo postal universal, se prestan en condicións de libre mercado alleas ás obrigas de servizo público que se lle impoñen ao prestador do servizo postal universal. Para a prestación destes servizos é necesario dispor da correspondente autorización administrativa singular.

Finalmente, de acordo co considerando 18 da Directiva 97/67/CE, aqueles servizos postais distintos dos servizos postais tradicionais poden ser prestados cunha mera declaración responsable de respecto aos requisitos esenciais que son a condición de posibilidade de funcionamento do novo modelo postal español. Entre estes requisitos, xunto coa protección de dereitos fundamentais como o segredo nas comunicacións postais, inclúense o respecto ás normas que protexen os dereitos dos traballadores e os usuarios e os ordenamentos en materia tributaria ou de inmigración.

No título I a lei define o seu ámbito obxectivo de aplicación, que comprende a regulación do servizo postal universal, os dereitos dos usuarios dos servizos postais entendidos como o trasunto da obriga do Estado de garantir ese servizo de acordo cuns determinados parámetros de calidade e un mercado postal plenamente adaptado á normativa comunitaria. Para tal efecto, define a natureza, contido e réxime de prestación dos servizos postais, e exclúe do seu ámbito de regulación os servizos prestados en réxime de autoprestación e os relativos a envíos sen enderezo postal do destinatario. O texto actual mellorou a delimitación deste concepto co fin de evitar que poida ser un potencial elemento perturbador do modelo postal, evitando que pola vía da autoprestación se poidan prestar auténticos servizos postais á marxe do previsto na lei.

O título II ocúpase dos dereitos dos usuarios delimitando con precisión suficiente a súa posición xurídica para garantir a mellor transparencia do mercado postal e o logro do nivel de calidade requirido. A atribución destes dereitos opera como un parámetro da obriga do Estado de garantir a prestación do servizo postal e para definir a calidade exixida a este. Os dereitos aquí recollidos están intimamente conectados, por tanto, coa obriga do Estado de garantir un servizo postal universal que adecue a súa organización e réxime ás exixencias sucesivas de calidade segundo os medios técnicos dispoñibles. Desta forma mantense o papel pioneiro desenvolvido polo servizo español de Correos no seo da Unión Postal Universal.

O título II afronta, pois, o necesario labor de sistematización dos dereitos dos usuarios e, en consecuencia, incorpora unha auténtica carta de dereitos. Recoñécense como tales os relativos ao segredo das comunicacións, inviolabilidade da correspondencia, protección de datos de carácter persoal, denuncia, indemnización, propiedade dos envíos postais, presentación de escritos ás administracións públicas, proba de depósito e entrega dos envíos certificados, reexpedición e refusamento dos envíos postais e protección dos envíos non entregados. Aos anteriores engádense como novos o dereito á información sobre os servizos postais, á reclamación, que comporta a correlativa obriga por parte dos operadores postais de establecer procedementos sinxelos, gratuítos e non discriminatorios co fin de que a reclamación sexa resolta no prazo máximo dun mes e a posibilidade de que os usuarios poidan someter as controversias que se susciten cos operadores postais ao cofecemento das xuntas arbitrais de consumo, e as que ocorran no ámbito do servizo postal universal á Comisión Nacional do Sector Postal, e á identificación do operador postal.

Esta tarefa completouse dotando de forza efectiva o exercicio de tales dereitos a través da correspondente tipificación das infraccións polo seu incumprimento.

O título III, que se estrutura en catro capítulos, regula o servizo postal universal, que se define como o conxunto de servizos postais de calidade determinada pola lei, prestados de forma permanente en todo o territorio nacional e a prezo alcanzable para todos os usuarios.

O capítulo I xunto ao concepto enumera as actividades incluídas no ámbito material do servizo postal universal. Esta enumeración respecta os límites establecidos na directiva que se traspón. Optouse por aumentar o límite para os paquetes no ámbito do servizo postal universal a 20 quilogramos.

O capítulo II establece os principios de equidade, non-discriminación e continuidade como reitores da prestación do servizo postal universal, define as condicións básicas de recolla e distribución dos envíos postais para a súa prestación polo operador designado e remite ao plan de prestación do servizo postal universal a concreción das condicións detalladas da súa prestación, de acordo co que se dispoña por acordo do Consello de Ministros. No dito plan fixárase a extensión e a densidade mínima da rede, os criterios e o procedemento para a determinación do custo neto e as medidas que aseguren a mellora permanente da eficacia e eficiencia na súa prestación.

Non se poden descoñecer os importantes compromisos que as administracións públicas deben asumir de acordo co establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que determina que o termo postal debe evolucionar cara a un concepto máis amplo que o tradicional mentres se produce o pleno desenvolvemento da sociedade da información, tempo en que deben coexistir os medios de notificación físicos e telemáticos.

O capítulo III impón a obriga de mantemento de contabilidade analítica e de separación de contas, regula o custo e o financiamento das obrigas de servizo público do servizo postal universal, atendendo aos conceptos de custo neto e carga financeira inxusta, crea o fondo de financiamento do servizo postal universal dirixido a compensar a referida carga e regula diversas fontes adicionais de financiamento que son, xunto coa do Estado, a contribución postal, a taxa por concesión de autorizacións administrativas singulares e as garantías que se outorgan ao operador designado para garantir a prestación do servizo postal universal e o seu bo funcionamento.

O sistema de financiamento das obrigas de servizo público que se lle impoñen ao prestador designado do servizo postal universal é a garantía do equilibrio financeiro do prestador posto que configura un conxunto de fontes de financiamento que reparte o esforzo de contribuír ao sostemento dun servizo de calidade entre os titulares de autorizacións administrativas singulares e o prestador designado, ao mesmo tempo que prevé a achega anual dos orzamentos xerais do Estado como o complemento chamado a sufragar a diferenza entre as necesidades de financiamento e os límites das achegas procedentes do propio mercado postal.

A regulación das contabilidades respectivas do operador designado e dos demais operadores postais con autorizacións administrativas singulares en nada interfere coas obrigas xerais derivadas do disposto na lexislación mercantil e só se crean para os estritos efectos previstos nesta lei.

O capítulo IV regula os prezos e outras condicións tarifarias dos servizos postais prestados baixo réxime de obrigas de servizo público, que deberán ser alcanzables, transparentes, non discriminatorios e fixarse tendo en conta os custos reais do servizo, de modo que incentiven a súa prestación eficiente. Prevese a posible fixación de prezos mínimos e máximos en garantía tanto da súa accesibilidade como da súa adecuación ao financiamento do servizo.

O título IV recolle diversos aspectos da lei anterior, adaptando o seu contido á Directiva 2008/6/CE, en relación coa plena realización do mercado interior dos servizos postais comunitarios, para o que regula, respectivamente, o Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais, as declaracións responsables e as autorizacións administrativas singulares.

No seu capítulo I establécese o principio de libre competencia para a prestación dos servizos postais nos termos fixados pola lei, atendendo á necesaria diferenciación entre servizos incluídos e non incluídos no ámbito do servizo postal universal, e prevese a inscrición no rexistro mencionado dos datos e actos relativos a todos os prestadores de servizos postais.

No capítulo II establécense as condicións que habilitan para a prestación de servizos non incluídos no ámbito do servizo postal universal e, para tal efecto, requírese a presentación dunha declaración responsable e o cumprimento dos denominados requisitos esenciais para o exercicio da actividade postal, entre os cales se contan, seguindo o establecido na citada directiva, o respecto das estipulacións dos réximes de emprego e seguridade social establecidas mediante lei, regulamento ou decisión administrativa ou convenio colectivo negociado entre os interlocutores sociais nacionais de acordo co dereito nacional ou comunitario, cuxo incumprimento grave ou reiterado se tipifica como infracción moi grave no título VII desta lei e determina a perda de validez e eficacia da declaración.

O capítulo III regula a autorización administrativa singular que se require para a prestación de servizos postais incluídos no ámbito do servizo postal universal pero prestados en condicións de mercado, isto é, sen a imposición de obrigas de servizo público. O outorgamento da autorización requirirá a constatación previa do cumprimento polo operador postal dos requisitos esenciais exixidos no capítulo anterior e comportará a asunción do compromiso de cumprimento das obrigas de calidade, extensión territorial e alcance material que voluntariamente oferte aos seus clientes, así como as obrigas que expresamente se lle impoñen pola lei. Polo que se refire ás obrigas de servizo público a que se refire o artigo 43, á marxe das que en circunstancias excepcionais proceda impor de acordo co punto quinto do artigo 22, o seu deseño faise dentro dos límites fixados polo artigo 9.2 da Directiva 97/67/CE.

O título V estrutúrase en dous capítulos, que se destinan, respectivamente, a regular o acceso á rede postal e a outras infraestruturas postais e á resolución de conflitos entre operadores postais.

Garánteselles aos operadores postais o acceso á rede e a outras infraestruturas postais para a prestación dos servizos a que se refira a autorización administrativa singular de que sexan titulares, de acordo cos principios de transparencia, proporcionalidade e non-discriminación que se definen expresamente para estes efectos, e establécense as medidas necesarias para que o exercicio do dito dereito resulte compatible coa garantía da integridade, eficacia e eficiencia da rede postal. Imponse ao operador designado a obriga de negociar as condicións de acceso que constarán ben no contrato tipo autorizado pola Comisión Nacional do Sector Postal, ben en contratos singulares de cuxa celebración será informada a dita Comisión, á cal compete verificar se os prezos fixados en calquera deles se axustan aos principios de transparencia, non-discriminación e cobertura do custo real ocasionado ao titular da rede. Establécese a obriga de publicar un anuncio de celebración de cada contrato na páxina web oficial do operador designado e declárase a nulidade daqueles que sexan contrarios aos ditos principios ou ao cabal cumprimento do plan de prestación do servizo postal universal.

Nesta nova regulación do importante tema do acceso á rede do prestador do servizo postal universal tívose un especial coidado en asegurar que a prestación que se realiza en beneficio dos operadores postais se fai en condicións de mercado, isto é, á marxe dos prezos subvencionados de que desfrutaban os usuarios ordinarios do servizo postal universal.

O capítulo II deste título regula os conflitos entre operadores postais e o operador designado para a prestación do servizo postal universal, cuxo coñecemento se atribúe á Comisión Nacional do Sector Postal, e os que se establezan entre operadores distintos do designado para a prestación do citado servizo, que poderán ser sometidos á arbitraje da citada comisión.

O título VI ocúpase do marco institucional e, en consecuencia, dos órganos administrativos competentes para a aplicación desta lei. Establécese que terán a consideración de autoridade nacional de regulamentación postal o Goberno, os órganos superiores e directivos do Ministerio de Fomento con competencias nesta materia e a propia Comisión Nacional do Sector Postal. Así mesmo, régúlase o Consello Superior Postal como máximo órgano de participación das administracións públicas, operadores, usuarios, organizacións sindicais e asociacións filatélicas, ao cal corresponderán as funcións de consulta que se lle atribúan.

Por último, o título VII regula a inspección, as infraccións e as sancións na orde postal. As competencias inspectoras corresponden á Comisión Nacional do Sector Postal, cuxos funcionarios serán considerados axentes da autoridade e estarán investidos das facultades inquisitivas propias da súa función, que non é outra que a de investigar e corrixir as condutas dos infractores. O reforzamento da regulación da función inspectora que acomete a lei correspóndese directamente co seu contido en materia de tipificación de infraccións e de réxime sancionador, ámbito en que a lei realiza un importante avance na seguridade xurídica e na equidade, por canto explicita os criterios para graduar as infraccións que tipifica e sinala as sancións máximas correspondentes a cada tipo infractor, en liña coas tendencias actuais no ámbito europeo.

Como novidades neste ámbito cabe destacar, ademais, a declaración como responsables solidarios dos operadores postais respecto das infraccións postais que cometan os seus traballadores, daqueles que sucedan o operador postal no exercicio da actividade e dos seus administradores de feito ou de dereito, e a posibilidade de impor multas coercitivas dirixidas a obter a corrección das condutas infractoras no suposto de que non se produza o cumprimento voluntario tras ter concluído o procedemento sancionador.

Na disposición adicional primeira désígnase por un período de 15 anos a «Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, Sociedade Anónima» como operador ao cal se encomenda a prestación do servizo postal universal, ao ser a única entidade que está en condicións de prestar este servizo coa calidade e extensión requiridas, e establécese a subscripción dun contrato regulador da prestación do citado servizo, que se subscribirá por sucesivos períodos quinquenais, entre os ministerios de Economía e Facenda e Fomento e o operador designado, e no cal se determinarán os dereitos e obrigas atribuídos ás partes. Na disposición adicional segunda prevese a periódica valoración pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos do cumprimento por parte do operador designado das súas obrigas.

Así mesmo, as disposicións adicionais terceira a sétima regulan, como aspectos máis relevantes, as competencias da Subsecretaría de Fomento en relación coa fixación de servizos mínimos no ámbito do servizo postal universal, a emisión e distribución de selos e outros signos de franqueo, o réxime de condecoracións postais e a designación de carteiros honorarios, as mencións realizadas noutras normas á citada Lei 24/1998, do 13 de xullo, que se entenderán feitas a esta lei, e o selo de excelencia de empresa postal sustentable, que se crea para incentivar o esforzo empresarial no sector postal na mellora dos aspectos relacionados coa sustentabilidade ambiental e a mellora das condicións sociais e laborais en que se desenvolve o traballo no mercado postal español. É este un mecanismo que desde o punto de vista positivo, isto é, como contrapunto do sistema sancionador, pretende incentivar a emulación entre empresas postais por esforzarse en cumprir cos valores que informan o novo modelo postal español.



En canto ás disposicións derradeiras, procede sinalar que a primeira recolle a modificación de determinados puntos de diversos artigos da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal; a segunda refírese á adopción no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei da medida necesaria para garantir o efectivo cumprimento do censo promocional; a terceira regula os servizos adicionais ou complementarios aos servizos postais; e por último, as disposicións derradeiras cuarta e quinta dedícanse a sinalar a incorporación ao dereito español da Directiva 2008/6/CE e a expresar o título competencial en que se basea a iniciativa legislativa do Estado que se contén no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación da lei.*

1. O obxecto desta lei é a regulación dos servizos postais co fin de garantir a prestación do servizo postal universal, de satisfacer as necesidades de comunicación postal dentro de España e de España co estranxeiro, e de asegurar a libre competencia no sector en condicións adecuadas de calidade, eficacia, eficiencia e pleno respecto dos dereitos dos usuarios e dos operadores postais e os seus traballadores.

2. Todos os usuarios remitentes ou destinatarios de envíos postais teñen dereito a un servizo postal universal de calidade e a prezos accesibles, conforme a normativa europea e nacional de aplicación.

3. Rexeranse polo disposto nesta lei:

a) Os servizos de recollida, admisión, clasificación, transporte, distribución e entrega de envíos postais.

b) Os servizos de xiro mediante os cales se ordenan pagamentos a persoas físicas ou xurídicas por conta e encargo doutras, a través da rede postal pública, e calquera outro servizo que teña ou poida ter natureza postal, de acordo coa normativa da Unión Europea e da Unión Postal Universal.

#### Artigo 2. *Natureza e réxime de prestación dos servizos postais.*

Os servizos postais son servizos de interese económico xeral que se prestan en réxime de libre competencia.

Están sometidos a obrigas de servizo público os servizos incluídos no servizo postal universal encomendados ao operador designado conforme a disposición adicional primeira, e os que se impoñan aos titulares de autorizacións administrativas singulares nos termos dispostos nesta lei.

#### Artigo 3. *Definicións.*

Para efectos desta lei, entenderase por:

1. «Servizos postais»: calquera servizo consistente na recolla, a admisión, a clasificación, o transporte, a distribución e a entrega de envíos postais.

2. «Envío postal»: todo obxecto destinado a ser expedido ao enderezo indicado polo remitente sobre o obxecto mesmo ou sobre o seu envoltorio, unha vez presentado na forma definitiva na cal debe ser recollido, transportado e entregado. Ademais dos envíos de correspondencia incluírá a publicidade directa, os libros, catálogos, diarios, publicacións periódicas e os paquetes postais que conteñan mercadorías con ou sen valor comercial, calquera que sexa o seu peso.

Non se considerarán envío postal nin se poderán admitir como tales os envíos que conteñan obxectos cuxo tráfico ou circulación estea prohibido ou sexa delito, de acordo coas leis e convenios internacionais en vigor en España. Regulamentariamente determinaranse os supostos constitutivos de envíos prohibidos.

As dimensións mínimas e máximas dos envíos postais considerados serán as establecidas nas disposicións pertinentes adoptadas pola Unión Postal Universal.

3. «Envío de correspondencia»: a comunicación materializada en forma escrita sobre un soporte físico de calquera natureza, que se transportará e entregará no enderezo indicado polo remitente sobre o propio envío ou sobre o seu envoltorio. A publicidade directa, os libros, catálogos, diarios e publicacións periódicas non terán a consideración de envíos de correspondencia.

4. «Servizo de envío certificado»: aquel que, logo de pagamento dunha cantidade predeterminada a tanto global, comporta unha garantía fixa contra os riscos de perda, roubo ou deterioración, e que facilita ao remitente, se é o caso e a pedimento deste, unha proba de depósito do envío postal ou da súa entrega ao destinatario.

5. «Servizo de envío con valor declarado»: aquel que permite asegurar o envío polo valor declarado polo remitente, en caso de perda, roubo ou deterioración.

6. «Correo transfronteirizo»: correo con orixe ou destino noutro Estado membro da Unión Europea ou un país terceiro.

7. «Medios de franqueo»: aqueles efectos ou signos que acreditan o pagamento dos servizos postais aos operadores postais que presten servizos incluídos no servizo postal universal.

Consideraranse como tales medios os selos de correos, que só pode utilizar o operador designado con efecto liberatorio; os sobres; as tarxetas e cartas-sobres con selos ou signos distintivos previamente estampados; as impresións de máquinas de franquear; e os carimbos de franqueo expedidos por distribuidoras automáticas instaladas polo operador designado, así como cantos artigos ou produtos sexan definidos mediante as correspondentes disposicións como instrumentos de franqueo.

8. «Operador postal»: a persoa natural ou xurídica que, de acordo con esta lei, presta un ou varios servizos postais. O terceiro que preste servizos postais en exclusiva para un único remitente que actúe en réxime de autoprestación queda excluído desta definición.

9. «Operador designado»: o operador ao cal o Estado encomendou a prestación do servizo postal universal, de acordo co disposto nesta lei.

10. «Autorización administrativa»: aquela que permite a prestación de servizos postais de acordo co previsto nesta lei.

11. «Requisitos esenciais»: son motivos de interese xeral e de carácter non económico recollidos no número 2 do artigo 40 que serven como fundamento para a determinación das condicións de prestación dos servizos postais.

12. «Rede postal»: para efectos desta lei enténdese por rede postal o conxunto da organización e dos medios de toda orde que, empregados polo operador designado para a prestación do servizo postal universal, permiten, en particular:

- a) A recolla dos envíos postais nos puntos de acceso de todo o territorio nacional.
- b) A admisión polo operador postal dos envíos postais que lle son confiados polo remitente para a realización do proceso postal integral e do que se fai responsable.
- c) A clasificación destes envíos desde o punto de acceso á rede postal ata o centro de distribución.
- d) O transporte dos envíos postais efectuado por calquera tipo de medios ata a súa distribución final.
- e) A distribución realizada nos locais de destino do operador postal correspondente a onde foi transportado o envío postal de forma inmediatamente previa á súa entrega final ao seu destinatario.
- f) A entrega nos enderezos indicados nos envíos, coas excepcións que se establezan regulamentariamente.

13. «Puntos de acceso á rede postal»: as instalacións físicas do operador postal designado para a prestación do servizo postal universal onde os remitentes poden depositar envíos postais, tales como os centros de admisión masiva, as oficinas, estafetas e caixas de correos á disposición do público.

14. «Usuario»: a persoa natural ou xurídica ou ente sen personalidade beneficiaria da prestación dun servizo postal como remitente ou como destinatario e titular dos dereitos a que se refire o título II desta lei.

15. «Enderezo postal»: a identificación dos remitentes ou dos destinatarios polo seu nome e apelidos, se son persoas naturais, ou pola súa denominación ou razón social se se trata de persoas xurídicas ou entidades sen personalidade, así como os datos dun domicilio, que conterà o nome da vía e o número do predio, así como o número de piso e a letra, se os houber, ou os datos que se establezan para a entrega dos envíos nas oficinas da rede postal.

16. «Autoridade nacional de regulamentación»: o Goberno, os órganos superiores e directivos do Ministerio de Fomento e a Comisión Nacional do Sector Postal, competentes para exercer as funcións e atribucións que esta ou outras leis ou normas lles asignan en materia postal. Estas autoridades exercerán as súas funcións con plena independencia orgánica e funcional dos operadores postais e do operador designado.

17. «Servizos prestados segundo tarifa por unidade»: servizos postais cuxo prezo figure nas condicións xerais do operador designado ou dos operadores que actúen no ámbito do servizo postal universal aplicables aos envíos postais individuais.

18. «Remitente»: a persoa física, xurídica ou entidade sen personalidade de quen proceden os envíos postais.

#### Artigo 4. *Servizos excluídos.*

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei os servizos realizados en réxime de autoprestación, así como os servizos relativos aos envíos sen enderezo postal do destinatario.

Enténdese que existe réxime de autoprestación cando a prestación dos servizos postais a efectúe directamente o propio remitente dos envíos, ou ben cando se realice valéndose dun terceiro que actúe, en exclusiva, para aquel. Neste último caso, os servizos prestados ao remitente polo terceiro deberán comprender a totalidade do proceso postal de recolla, admisión, clasificación, transporte, distribución e entrega dos envíos.

## TÍTULO II

### Dereitos dos usuarios dos servizos postais

#### Artigo 5. *Segredo das comunicacións postais.*

Os operadores postais deberán realizar a prestación dos servizos con plena garantía do segredo das comunicacións postais, de conformidade co disposto nos artigos 18.3 e 55.2 da Constitución española e no artigo 579 da Lei de axuízamento criminal.

Os operadores que presten servizos postais non facilitarán ningún dato relativo á existencia do envío postal, á súa clase, ás súas circunstancias exteriores, á identidade do remitente e do destinatario nin aos seus enderezos, sen prexuízo do disposto no artigo 6.

#### Artigo 6. *Inviolabilidade dos envíos postais.*

1. Os operadores postais deberán cumprir co deber de fidelidade na custodia e xestión dos envíos postais.

Considerarase incumprimento do dito deber a detención contraria a dereito, o intencionado curso anormal, a apertura ilegal, a subtracción, a destrución, a retención indebida e a ocultación dos citados envíos postais.

2. Sen prexuízo do dereito á propiedade dos envíos postais recoñecido no artigo 13, os envíos postais só poderán ser detidos ou interceptados e, se for o caso, abertos, por resolución motivada da autoridade xudicial conforme a lei.

3. O persoal da Comisión Nacional do Sector Postal que desempeñe funcións de inspección postal só poderá intervir os envíos postais, nos termos que se definan regulamentariamente, cando existan sospeitas fundadas de que conteñen un obxecto prohibido ou de que non se axustan ao contido declarado no seu sobre ou cuberta, sempre que sexa preceptiva a súa declaración previa.

O alcance desta intervención quedará limitado ao recoñecemento externo, visual ou mediante máquinas, tanto dos envíos como da documentación que os acompañe, e non afectará en ningún caso o segredo e inviolabilidade dos envíos postais. Garantirase a destrución inmediata das imaxes tomadas.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior os envíos que non conteñan documentos de carácter actual e persoal cuxo contido permita singularizar, dunha forma directa ou indirecta, os seus destinatarios.

4. O previsto neste artigo aplicarase sen prexuízo do exercicio das facultades de control recoñecidas legalmente a determinados funcionarios no marco do exercicio das súas funcións de inspección, como as sanitarias, alfandegueiras, de prevención de branqueo de diñeiro ou de seguridade ou calquera outra establecida na normativa sectorial, co fin de detectar a presenza de produtos prohibidos.

#### Artigo 7. *Protección de datos.*

1. Conforme a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os operadores que presten servizos postais non poderían facilitar ningún dato relativo á existencia do envío postal, á súa clase, ás súas circunstancias exteriores, á identidade do remitente e do destinatario, nin aos seus enderezos.

2. A obriga de protección dos datos incluírá o deber de segredo dos de carácter persoal, a confidencialidade da información transmitida ou almacenada e a protección da intimidade.

#### Artigo 8. *Dereito á prestación dun servizo postal universal de calidade.*

Os usuarios terán dereito á prestación dun servizo postal universal de calidade prestado de forma permanente, en todo o territorio nacional e a prezos alcanzables.

O alcance e a prestación efectiva do servizo postal universal deberán responder aos principios de cohesión social e territorial, non-discriminación por razón de calquera circunstancia ou condición persoal, social ou xeográfica, continuidade, eficacia e eficiencia no servizo, e deberase adecuar permanentemente ás condicións técnicas, económicas, sociais e territoriais e ás necesidades dos usuarios, en particular en materia de densidade de puntos de acceso e de accesibilidade a estes, sen menoscabo da súa calidade.

O servizo postal universal prestarase de acordo coas regras que establece o título III desta lei. Para estes efectos, o Estado garantirá, mediante a designación dun operador e o establecemento de medios e garantías suficientes, o adecuado cumprimento das obrigas de servizo público do servizo postal universal.

#### Artigo 9. *Dereito de información sobre os servizos postais.*

1. Todos os operadores postais, incluído o operador designado para prestar o servizo postal universal, deberán informar os usuarios, de maneira completa, veraz e puntual, dos servizos postais que presten, e porán á súa disposición toda a información relativa ás condicións de acceso, prezo, nivel de calidade e indemnizacións e prazo en que serán satisfeitas, así como as normas técnicas que resulten aplicables. Así mesmo, informarán dos procedementos e medios de reclamación que teñan establecidos e dos recursos que procedan.

2. A información a que se refire este artigo publicárase en todo caso no sitio web da Comisión Nacional do Sector Postal. Así mesmo, os operadores poderán publicala na súa propia web ou nas oficinas ou puntos de atención ao usuario. Por pedimento dos usuarios dos servizos a mencionada información será facilitada por escrito ou a través de calquera outro medio que regulamentariamente se estableza.

## Artigo 10. *Dereito de reclamación.*

1. Os operadores postais deberán atender as queixas e reclamacións que lles presenten os usuarios nos casos de perda, roubo, destrución, deterioración ou incumprimento das normas de calidade do servizo, ou calquera outro incumprimento relacionado coa prestación dos servizos postais.

2. Para a tramitación das reclamacións dos usuarios, os operadores postais establecerán procedementos sinxelos, gratuítos e non discriminatorios, baseados nos principios de proporcionalidade e celeridade. En todo caso, as reclamacións deberán ser resoltas conforme dereito e notificadas aos interesados no prazo máximo dun mes desde a data da súa presentación, da cal o prestador do servizo deberá dar sempre recibo ao interesado.

En todas as oficinas ou puntos de atención ao usuario dos prestadores de servizos postais serán exhibidas, de forma visible e detallada, as informacións que permitan coñecer os trámites que se deben seguir para exercer o dereito a reclamar a que se refire este artigo.

3. Así mesmo, os usuarios poderán someter as controversias que se susciten cos operadores postais, en relación coa prestación dos servizos postais, ao coñecemento das xuntas arbitrais de consumo, de acordo co Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias.

4. A Comisión Nacional do Sector Postal coñecerá das controversias entre os usuarios e os operadores dos servizos postais no ámbito do servizo postal universal, sempre e cando non fosen sometidas ás xuntas arbitrais de consumo. A reclamación poderase efectuar no prazo dun mes desde a resposta do operador ou desde a finalización do prazo para responder, e deberá resolverse no prazo máximo de tres meses desde a súa presentación.

Para tal efecto, a Comisión Nacional do Sector Postal porá á disposición dos usuarios os formularios adecuados. O procedemento que se seguirá para a súa tramitación estará baseado nos principios de celeridade e gratuidade, sen prexuízo de que a Comisión Nacional do Sector Postal poida repercutir sobre o reclamante os gastos ocasionados no procedemento cando se aprecie mala fe ou temeridade na presentación da reclamación. Contra a resolución que se dite poderase interpor recurso contencioso-administrativo.

## Artigo 11. *Dereito de denuncia.*

O incumprimento das obrigas dos operadores postais a que se refiren os artigos 9 e 10 desta lei poderá ser denunciado polos usuarios interesados ante a Comisión Nacional do Sector Postal para os efectos previstos no título VII desta lei.

## Artigo 12. *Dereito a percibir indemnización.*

1. Os usuarios terán dereito, salvo caso de forza maior, a percibir unha indemnización dos operadores postais, en caso de perda, roubo, destrución ou deterioración dos envíos postais certificados ou con valor declarado, mediante o pagamento dunha cantidade predeterminada polo operador postal, no primeiro caso, e dunha cantidade proporcional á declarada polo remitente, no segundo.

2. Por orde do ministro de Fomento fixarase, para o operador designado para a prestación do servizo postal universal, a contía mínima e máxima da indemnización pola perda, roubo, destrución ou deterioración dos envíos certificados, así como a contía mínima e máxima en que se poderán asegurar os envíos en réxime de valor declarado. O operador designado deberá, dentro dos límites máximo ou mínimo indicados, determinar a indemnización correspondente para ambos os supostos, cumprindo os criterios fixados polo ministro de Fomento.

3. O incumprimento do pagamento da indemnización recoñecida ao usuario, de acordo co establecido neste artigo, poderá dar lugar, por instancia de parte, a que a Comisión Nacional do Sector Postal proceda á incoación dun expediente sancionador contra o operador postal correspondente.

Artigo 13. *Dereito á propiedade dos envíos postais.*

Os envíos postais serán de titularidade do remitente para efectos postais mentres non cheguen a poder do destinatario, quen poderá, mediante o pagamento do prezo correspondente, recuperalos ou modificar o seu enderezo, salvo nos supostos de imposibilidade material e sen prexuízo dos dereitos de terceiros sobre o seu contido.

Artigo 14. *Dereito de presentación de escritos dirixidos ás administracións públicas.*

Os usuarios terán dereito a presentar solicitudes, escritos e comunicacións dirixidas ás administracións públicas, nos termos e para os efectos previstos no artigo 38.4.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, unicamente a través das oficinas do operador designado para a prestación do servizo postal universal, que deberá recibilos e dirixilos ao destinatario con carácter preferente e acreditar, por solicitude do interesado, tanto a súa presentación nas citadas oficinas como a súa entrega en destino, con expresa mención da data e hora en que se produzan ambos os eventos.

Esta presentación producirá os mesmos efectos que no rexistro do órgano administrativo a que se dirixan.

Os usuarios tamén terán dereito a presentar solicitudes, escritos e comunicacións dirixidos ás administracións públicas a través de operadores postais distintos ao operador designado para prestar o servizo postal universal, nos termos que establece o artigo 38.4.e) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 15. *Dereito á identificación do operador.*

Os usuarios terán dereito a que, na cuberta do envío, se identifique o operador postal que se fai cargo del, así como a data en que se produce.

Artigo 16. *Dereito á proba de depósito e entrega dos envíos certificados.*

O operador designado para prestar o servizo postal universal deberá facilitar ao remitente de calquera envío certificado, por pedimento deste e co pagamento previo do importe que corresponda, xustificante acreditativo da súa admisión, onde conste a data e a hora da súa presentación e, así mesmo, da súa recepción polo destinatario do seu envío.

O resto dos operadores, cando de forma voluntaria ofrezan servizos certificados aos usuarios, deberán facelo nas condicións establecidas no parágrafo anterior.

Artigo 17. *Dereito de reexpedición e refusamento dos envíos postais.*

O destinatario poderá solicitar a reexpedición dos seus envíos postais mediante o pagamento da contraprestación económica que corresponda, ou poderá refusalos antes de abrils, do cal o operador deixará constancia por escrito e informará o remitente, que poderá reclamar a devolución do envío ou dispor o seu abandono nos termos que regulamentariamente se establezan.

Os dereitos de reexpedición e de refusamento establecidos neste artigo non serán atendidos nos supostos de imposibilidade material.

En todo caso, o operador terá dereito a reclamar do remitente o pagamento dos gastos ocasionados.

Artigo 18. *Dereito á protección dos envíos non entregados.*

Reglamentariamente estableceranse as regras que se seguirán para os casos en que os envíos, por calquera causa, non poidan ser entregados ao destinatario ou devoltos ao remitente. Tales regras incluírán as relativas ao procedemento de pescuda do domicilio, procedencia e destino, audiencia ou citación dos remitentes e eventual depósito temporal, reclamación e destrución dos envíos.

Artigo 19. *Dereito á información e presentación de reclamacións, denuncias e escritos das persoas con discapacidade.*

Garantirase, nos termos que regulamentariamente se establezan na normativa de desenvolvemento da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, que os dereitos de información e de presentación de reclamacións, denuncias e escritos sobre os servizos postais sexan plenamente accesibles ás citadas persoas, o que inclúe, especialmente, a eliminación de barreiras arquitectónicas e de comunicación das oficinas onde se presta o servizo, daquelas que limiten o exercicio do dereito polas persoas con discapacidade auditiva ou visual ou de calquera outra que os impida ou restrinxa, así como a accesibilidade universal das páxinas ou sitios da internet.

### TÍTULO III

#### O servizo postal universal

#### CAPÍTULO I

##### Concepto e ámbito

Artigo 20. *Concepto.*

Enténdese por servizo postal universal o conxunto de servizos postais de calidade determinada na lei e os seus regulamentos de desenvolvemento, prestados en réxime ordinario e permanente en todo o territorio nacional e a prezo alcanzable para todos os usuarios.

Artigo 21. *Ámbito.*

1. Inclúense no ámbito do servizo postal universal as actividades de recolla, admisión, clasificación, transporte, distribución e entrega de envíos postais nacionais e transfronteirizos en réxime ordinario de:

- a) Cartas e tarxetas postais que conteñan comunicacións escritas en calquera tipo de soporte de ata dous quilogramos de peso.
- b) Paquetes postais, con ou sen valor comercial, de ata vinte quilogramos de peso.

O servizo postal universal incluirá, igualmente, a prestación dos servizos de certificado e valor declarado, accesorios dos envíos recollidos neste punto.

2. Os envíos nacionais e transfronteirizos de publicidade directa, de libros, de catálogos, de publicacións periódicas e os restantes cuxa circulación non estea prohibida, serán admitidos para a súa remisión en réxime de servizo postal universal, sempre que este se leve a cabo de acordo con algunha das modalidades previstas no punto anterior.

#### CAPÍTULO II

##### Condicións de prestación do servizo postal universal exixibles ao operador designado polo Estado

Artigo 22. *Principios e requisitos da prestación do servizo postal universal.*

1. A prestación do servizo postal universal, así como as relacións dos usuarios co operador designado, rexeranse polos principios de equidade, non-discriminación, continuidade, boa fe e adaptación ás necesidades dos usuarios.

Para estes efectos entenderase por:

- a) Equidade: ofrecer aos usuarios que estean en condicións similares o mesmo tratamento e prestacións idénticas.
- b) Non-discriminación: prestar o servizo sen diferenciación de ningún tipo entre os usuarios que se encontren en condicións análogas, especialmente as derivadas de consideracións políticas, relixiosas, raciais, sexuais, culturais ou ideolóxicas ou de discapacidade.
- c) Continuidade: non interromper nin suspender o servizo, salvo en casos de forza maior e logo de comunicación á Comisión Nacional do Sector Postal, que poderá denegala.

2. Transcorrido o prazo de 15 anos a que se refire a disposición adicional primeira desta lei, poderase designar unha ou varias empresas como provedores do servizo universal de modo que quede cuberta a totalidade do territorio nacional. Así mesmo, poderanse designar diferentes empresas para a prestación de diversos elementos do servizo universal ou cubrir distintas partes do territorio nacional. As condicións de adjudicación do servizo universal basearanse en principios de transparencia, non discriminación e proporcionalidade, de modo que se garanta a continuidade da prestación do servizo universal, tendo en conta a importante función que desempeña na cohesión social e territorial.

O operador designado polo Estado para a prestación do servizo postal universal quedará exento dos tributos que graven a súa actividade vinculada ao servizo postal universal, excepto o imposto sobre sociedades.

3. A prestación do servizo postal universal realizarase de conformidade coas previsións legalmente establecidas e as que se conteñan no plan de prestación do servizo postal universal aprobado polo Goberno e no contrato regulador, logo de informe da Comisión Nacional do Sector Postal e do Consello Superior Postal. Este contrato terá natureza de contrato administrativo especial.

En todo caso, o plan deberá incluír, entre outros aspectos, as condicións de prestación do servizo postal universal, particularmente nas zonas en que exista unha moi baixa densidade de poboación, o procedemento para a avaliación do custo do citado servizo e a súa forma de financiamento, e os criterios que se deberán ter en conta para determinar a contribución a ela do Estado, de acordo co que se determina no artigo 29.

Ademais, o plan tomará en consideración o fondo de financiamento do servizo postal universal, a que se refire o artigo 29.

4. A actuación do operador designado gozará da presunción de veracidade e fidedignidade na distribución, entrega e recepción ou refusamento ou imposibilidade de entrega de notificacións de órganos administrativos e xudiciais, tanto as realizadas por medios físicos como telemáticos, e sen prexuízo da aplicación, aos distintos supostos de notificación, do disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As notificacións practicadas polos demais operadores postais producirán efecto de acordo coas normas de dereito común e realizaranse de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. O Goberno poderá impor ao operador designado para prestar o servizo postal universal outras obrigas de servizo público, cando así o exixan razóns de interese xeral ou de cohesión social ou territorial, mellora da calidade da educación e protección civil, ou sexa necesario para salvagardar o normal desenvolvemento dos procesos electorais, de conformidade co disposto na normativa que regula o réxime electoral xeral. Igualmente, poderá impor ao citado operador e aos operadores que presten servizos postais ao abeiro dunha autorización administrativa singular obrigas de servizo público en circunstancias extraordinarias para garantir a seguridade pública ou a defensa nacional.

A imposición de obrigas adicionais de servizo público deberá ser obxecto de compensación.



Artigo 23. *Condicións de recolla e admisión dos envíos postais.*

O operador ou operadores designados polo Estado para a prestación do servizo postal universal deberán:

a) Realizar, polo menos, unha recolla nos puntos de acceso á rede postal todos os días laborables, de luns a venres, con independencia da densidade de poboación e mesmo en zonas rurais.

Regulamentariamente definiranse todas as zonas a que se refire o parágrafo anterior.

b) Dispor dunha cobertura adecuada ao ámbito territorial para o cal fose designado e, en particular, asegurar a densidade de puntos de acceso aos servizos postais establecida no plan de prestación e a accesibilidade aos citados puntos das persoas con discapacidade de calquera tipo, así como das persoas con mobilidade reducida, conforme o que se establece regulamentariamente.

c) Non denegar a admisión dos envíos cando estes reúnan os requisitos regulamentarios e se satisfaga o prezo correspondente.

As dimensións máximas e mínimas dos envíos postais admisibles na rede postal serán as establecidas nas normas que incorporen ao dereito español as aprobadas pola Unión Postal Universal.

Artigo 24. *Condicións de distribución e entrega dos envíos postais.*

O operador designado polo Estado para a prestación do servizo postal universal deberá realizar a entrega dos envíos no enderezo postal que figure na súa cuberta. Así mesmo, procurará a entrega daqueles envíos postais cuxo enderezo, aínda sendo incompleto, permita a identificación do destinatario.

As entregas practicaranse, polo menos, todos os días laborables, de luns a venres, salvo no caso de concorreren circunstancias ou condicións xeográficas especiais, conforme o previsto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento. En particular, realizarase unha entrega en instalacións apropiadas distintas ao domicilio postal, logo de autorización da Comisión Nacional do Sector Postal, cando concorran as condicións fixadas na normativa de desenvolvemento desta lei, de acordo co previsto na Directiva 97/67/CE.

Para os efectos do parágrafo anterior, regulamentariamente definiranse as zonas de moi baixa densidade de poboación, entre as cales non se incluírán as zonas rurais.

Os envíos postais que deban ser distribuídos nun domicilio postal serán depositados nos compartimentos instalados para o efecto, que deberán reunir as condicións previstas regulamentariamente. Entre estas condicións deberanse fixar as relativas á forma en que se deba realizar a reserva dun deles, en cada domicilio postal, para as devolucións dos envíos postais.

Os envíos, segundo o tipo de que se trate, entregaranse ao destinatario ou á persoa que este autorice ou serán depositados nos compartimentos postais ou nas caixas de correos domiciliarias, individuais ou colectivas.

Entenderase autorizado polo destinatario para recibir os envíos no seu domicilio calquera persoa que se encontre nel, faga constar a súa identidade e se faga cargo deles, excepto que haxa oposición expresa do destinatario por escrito dirixida ao operador designado que presta o servizo postal universal.

Artigo 25. *Prazos de distribución e entrega dos envíos postais.*

O plan de prestación a que se refire o artigo 22.3 fixará ao operador ou operadores designados para prestar o servizo postal universal os obxectivos de prazos de entrega na prestación do mencionado servizo, así como as consecuencias económicas do seu incumprimento.

Sen prexuízo do anterior, o incumprimento nos obxectivos fixados poderá ser sancionado de conformidade co previsto no título VII desta lei.

Para os efectos deste artigo, terán valor equivalente aos parámetros fixados polo acordo do Consello de Ministros citado aqueles que figuren nas normas aprobadas no ámbito da Unión Europea para os servizos transfronteirizos intracomunitarios.

### CAPÍTULO III

#### **Custo e financiamento das obrigas de servizo público do servizo postal universal encomendado ao operador designado**

Artigo 26. *Obriga de mantemento de contabilidade analítica e de separación de contas.*

1. O operador designado deberá levar unha contabilidade analítica que permita coñecer o custo da prestación dos diferentes servizos. O provedor designado levará nos seus sistemas de contabilidade interna contas separadas de modo que se diferencie claramente entre cada un dos servizos e produtos que forman parte do servizo universal e os demais servizos e produtos que non forman parte deste. Os ditos sistemas de contabilidade interna basearanse en principios contables coherentemente aplicados e obxectivamente xustificables.

Existirán contas separadas, como mínimo, para cada un dos servizos incluídos no ámbito do servizo postal universal.

2. Sen prexuízo do disposto no número 3, o sistema contable a que se refire o número 1 imputará os custos da seguinte maneira:

a) os custos que poidan ser imputados directamente a un servizo ou produto concreto imputaranse ao dito servizo ou produto;

b) os custos comúns, é dicir, os que non se poidan imputar directamente a un servizo ou produto en concreto, imputaranse como segue:

b1) sempre que sexa posible, os custos comúns imputaranse sobre a base dunha análise directa da súa orixe,

b2) cando non sexa posible efectuar unha análise directa, as categorías de custos comúns imputaranse sobre a base dun vínculo indirecto con outra categoría ou grupo de categorías de custos para os que sexa posible efectuar unha asignación ou imputación directa; o vínculo indirecto basearase en estruturas de custos comparables,

b3) cando non se poidan encontrar medidas directas nin indirectas para a imputación dos custos, a categoría de custos imputarase sobre a base dun factor de imputación xeral, calculado utilizando a relación entre todos os gastos asignados ou imputados directa ou indirectamente, por unha parte, a cada un dos servizos do servizo postal universal e, por outra, aos demais servizos,

b4) os custos comúns, que son necesarios para prestar tanto cada un dos servizos do servizo postal universal como dos servizos non universais, imputaranse de maneira apropiada; deberanse aplicar os mesmos parámetros de custos aos servizos universais e aos servizos non universais.

3. O operador designado poderá aplicar outros sistemas de contabilidade sempre que, polo menos, diferencien dunha forma clara os servizos e produtos que forman parte do servizo postal universal dos que non forman parte deste, e se baseen en principios contables coherentemente aplicados e obxectivamente xustificables.

4. O resto dos operadores postais que presten servizos incluídos no ámbito do servizo postal universal deberán levar unha contabilidade separada dos ingresos, de forma que se poidan diferenciar os ingresos obtidos pola prestación de servizos incluídos no citado ámbito dos ingresos obtidos pola prestación doutros servizos. Os operadores estarán obrigados a auditar as súas contas anuais de conformidade co previsto na Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas.

5. O Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas elaborará e desenvolverá os principios, criterios e sistema de imputación de custos que deba observar a contabilidade analítica a que se refire o número 1 deste artigo, os cales, logo de informe da Comisión

Nacional do Sector Postal, do Consello Superior Postal e da Intervención Xeral da Administración do Estado, serán aprobados por orde do ministro de Presidencia, por proposta conxunta dos ministros de Fomento e de Economía e Facenda.

Igualmente, na dita orde determinarase as regras aplicables á contabilidade a que se refire o número 4 e os supostos en que os titulares de autorizacións administrativas singulares deban achegar información financeira sobre a súa actividade, incluídas as auditorías a que estean obrigados, e fixaranse a forma e os supostos en que se poderá subministrar información a terceiros, incluída a Comisión da Unión Europea, garantindo a confidencialidade dos datos, o segredo comercial e industrial e o principio de mínima intervención.

6. Sen prexuízo das funcións de auditoría pública atribuídas pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, á Intervención Xeral da Administración do Estado, a Comisión Nacional do Sector Postal velará pola correcta aplicación do disposto na normativa sobre contabilidade analítica e separación de contas dos operadores postais e verificará anualmente, por si mesma ou a través dunha entidade independente do provedor do servizo postal universal, as contas analíticas do operador designado.

Igualmente, e sen prexuízo da actuación da inspección tributaria, a Comisión Nacional do Sector Postal poderá verificar a correcta aplicación das regras de separación de contas a que se refire este artigo.

Esta verificación poderá ser realizada directamente polos servizos da Comisión Nacional do Sector Postal ou a través dunha empresa independente.

*Artigo 27. Custo neto das obrigas de servizo público do servizo postal universal.*

1. A Comisión Nacional do Sector Postal verificará anualmente o custo neto das obrigas de servizo público do servizo postal universal impostas ao operador designado, con suxeición ao previsto no contrato de prestación deste.

2. A determinación do custo neto realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

a) O custo neto das obrigas de servizo universal calcularase como a diferenza entre o custo neto que lle supón ao operador designado prestar o servizo postal universal operando con obrigas de servizo público e o correspondente ao mesmo provedor de servizos postais se opera sen as citadas obrigas.

b) Nese cálculo terase en conta calquera outro elemento que resulte pertinente, como as garantías e as vantaxes inmateriais e de mercado de que poida gozar o operador designado para a prestación do servizo postal universal, o dereito a obter un beneficio razoable e os incentivos dirixidos a obter a eficiencia en custos. O cálculo do custo neto deberase basear nos custos imputables de conformidade co anexo I da Directiva 97/67/CE.

No plan de prestación a que se refire o artigo 22.3 desta lei fixaranse os criterios técnicos e o procedemento para determinar o custo neto, que serán previamente sometidos a informe do Consello Superior Postal.

3. O operador designado presentará á Comisión Nacional do Sector Postal, de acordo cos criterios e co procedemento indicados no punto anterior, o cálculo do custo neto de cada exercicio para a súa verificación. Para estes efectos, o operador designado achegará canta información complementaria lle sexa requirida ou considere conveniente.

*Artigo 28. Financiamento das obrigas de servizo público do servizo postal universal impostas ao operador designado.*

A Comisión Nacional do Sector Postal determinará, logo de informe preceptivo do Ministerio de Economía e Facenda, a contía da carga financeira inxusta que comportan as obrigas de servizo público do servizo postal universal para o operador designado.

Para tal efecto, entenderase por carga financeira inxusta o resultado de minorar o custo neto no importe en que se cuantifiquen os axustes derivados do incumprimento das condicións de eficiencia establecidas no plan de prestación a que se refire o artigo 22 desta lei. A contía da carga financeira inxusta compensarase con cargo ao fondo de financiamento creado no artigo seguinte.

Artigo 29. *Fondo de financiamento.*

1. Créase un fondo de financiamento do servizo postal universal coa finalidade de xestionar o financiamento necesario para compensar a carga financeira inxusta a que se refire o artigo anterior.

O fondo, que será xestionado e obxecto de contabilización independente pola Comisión Nacional do Sector Postal e que non terá personalidade xurídica propia nin a natureza dos previstos no número 2 do artigo 2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, nutrirase das seguintes achegas:

- a) As transferencias a favor do fondo consignadas nos orzamentos xerais do Estado, de acordo co establecido no artigo seguinte.
- b) As prestacións patrimoniais de carácter público que se establecen nos artigos 31 e 32, que quedan afectadas a esta finalidade.
- c) As doazóns ou legados realizados por calquera persoa natural ou xurídica que desexe contribuír ao financiamento do servizo postal universal.
- d) Os rendementos derivados dos depósitos en que se manteñen as dispoñibilidades do fondo.

A Comisión Nacional do Sector Postal velará por que as cantidades que nutren o fondo polos distintos conceptos sexan suficientes para sufragar as necesidades para as cales se crea; para este efecto propondrá aos ministerios de Fomento e de Economía e Facenda as medidas que coide convenientes, tanto na orde normativa como no xestor.

2. A Comisión Nacional do Sector Postal deberá transferir trimestralmente ao operador designado, con carácter de á conta do que resulte da liquidación anual da carga financeira, as cantidades dispoñibles no fondo.

A Comisión levará unha contabilidade do fondo en que consten as cantidades ingresadas e as transferencias realizadas ao operador.

Unha vez determinado o custo neto e a carga financeira inxusta do exercicio correspondente, fixarase o saldo que deberá ser satisfeito ao operador, ou que deberá este reintegrar ao fondo, segundo proceda, logo de audiencia do operador. A resolución pola que se determinen as magnitudes citadas será publicada na sede electrónica da Comisión.

Artigo 30. *Financiamento do Estado.*

O Estado contribuirá ao financiamento do servizo postal universal, de acordo co plan de prestación aprobado polo Goberno a que se refire o artigo 22, e achegará ao fondo de financiamento o importe que, para este efecto, se consigne na sección orzamentaria do Ministerio de Fomento.

Artigo 31. *Contribución postal.*

1. Os titulares de autorizacións administrativas singulares e o operador designado estarán obrigados a satisfacer unha contribución anual, cuxo feito impositivo é a prestación de servizos postais no ámbito do servizo postal universal mediante autorización administrativa singular. Esta contribución estará destinada integramente a axudar ás necesidades de financiamento da carga financeira inxusta a que se refire o artigo 28 desta lei.

2. Os suxeitos pasivos desta contribución son os titulares dunha autorización administrativa singular cuxa cifra anual de negocios, derivada das actividades desenvolvidas no ámbito do servizo postal universal, supere os 50.000 euros ou a que proporcionalmente corresponda nos anos de inicio ou cesamento da actividade.

3. A base impositiva da contribución é o importe neto da cifra de negocios que obteña en cada período impositivo o titular da autorización administrativa pola prestación dos servizos postais incluídos no ámbito autorizado.

4. Salvo que a lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano determine outra cousa, o tipo de gravame será do 0,5 por cento. A cota da contribución determinarase por aplicación do tipo vixente en cada ano á base impoñible que corresponda.

5. A contribución devengarase o 31 de decembro de cada ano, salvo que o operador cese na actividade ou perda a autorización administrativa por causa a el imputable en data anterior, caso en que se devengará na data en que tal circunstancia tivese lugar.

6. Estarán exentos desta contribución os titulares de autorizacións administrativas singulares aos cales se lles impoñían obrigas de servizo postal universal conforme o artigo 43.2.a) desta lei.

7. Os suxeitos pasivos desta contribución deberán liquidar e ingresar a cota dentro do mes de xullo do ano seguinte ao do seu devengo.

8. A xestión da contribución e a súa inspección corresponde á Comisión Nacional do Sector Postal.

Para estes efectos, a citada Comisión poderá subscribir coa Axencia Estatal da Administración Tributaria convenios de colaboración para que esta realice, no seu nome, inspeccións tributarias.

9. O operador que veña prestando servizos postais sen a correspondente autorización administrativa singular virá obrigado ao pagamento da contribución que corresponda por todo o período de actividade efectiva con anterioridade ao outorgamento desta autorización, sen prexuízo da prescrición.

10. Regulamentariamente establecerase o modelo e o procedemento de liquidación.

#### Artigo 32. *Taxa pola concesión de autorizacións administrativas singulares.*

1. Para obter a autorización administrativa singular que habilita para a prestación de servizos postais incluídos no ámbito do servizo postal universal, as persoas e entidades que o soliciten deberán aboar unha taxa que se destinará na súa totalidade ao financiamento da carga financeira inxusta a que se refire o artigo 28 desta lei.

2. A xestión deste tributo corresponderá á Comisión Nacional do Sector Postal.

3. Constitúe o feito impoñible da taxa a concesión de autorizacións administrativas singulares para prestar servizos incluídos no ámbito do servizo postal universal.

4. A cota que se ingresará, que se deberá efectuar previamente á concesión da autorización, será de 1.500 euros, sen prexuízo das actualizacións que se poidan realizar nas leis de orzamentos xerais do Estado de cada ano.

5. Regulamentariamente establecerase o procedemento para a súa exacción e o modelo de impreso para o seu pagamento.

#### Artigo 33. *Garantías.*

Co obxecto de garantir a prestación do servizo postal universal e o seu bo funcionamento, garánteselle ao operador designado:

a) O dereito á utilización exclusiva da denominación «Correos», do termo «España», do emblema consistente nunha cornamusa en que figure ademais a coroa de España, ou de calquera outro signo que identifique o operador designado ou o carácter dos servizos que preste dentro de tal ámbito.

b) A ocupación do dominio público, para o establecemento da rede postal, mediante a instalación de caixas de correos destinadas a depositar os envíos postais, logo de autorización do órgano competente da Administración titular daquel. Os titulares do dominio público non poderán, para estes efectos, dar un trato discriminatorio ao operador citado, respecto do outorgado a outros operadores.

c) A condición de beneficiario no procedemento de expropiación forzosa por causa de utilidade pública, que se suxeitará ao trámite especial de urxencia regulado no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, para a realización das obras e instalacións necesarias para a organización da prestación do servizo postal universal.

d) A cesión de espazos polas entidades que xestionan a rede de ferrocarrís, portos e aeroportos destinados ás actividades e prestacións do servizo postal universal.

e) A distribución dos selos de correos ou outros medios de franqueo. A venda poderase realizar ao retallo a través da rede postal ou a través de terceiros.

#### CAPÍTULO IV

##### Prezos e outras condicións tarifarias dos servizos postais

###### Artigo 34. *Prezos.*

1. Os prezos dos servizos postais prestados baixo réxime de obrigas de servizo público deberán ser alcanzables, transparentes e non discriminatorios e fixarse tendo en conta os custos reais do servizo, de modo que ofrezan incentivos para a súa prestación eficiente.

2. O operador designado deberá comunicar á Comisión Nacional do Sector Postal tanto o establecemento de novos prezos como a modificación dos prezos xa vixentes dos servizos prestados con obrigas de servizo público con, polo menos, tres meses de antelación á data prevista para a súa aplicación. A comunicación irá acompañada dunha memoria xustificativa do cumprimento dos principios indicados neste artigo.

No suposto de que da comprobación dos prezos se desprenda que non se axustan aos ditos principios, a Comisión Nacional do Sector Postal dará un prazo de 15 días ao operador para que alegue o que coide conveniente e ditará a correspondente resolución en que declare o que proceda, para efectos da súa consideración no cálculo da carga a que se refire o artigo 28. Os prezos serán publicados nos sitios web da Comisión e do operador designado.

3. Estarán exentos do pagamento do prezo os seguintes servizos prestados polo operador designado para a prestación do servizo postal universal:

- a) Os envíos de cecogramas.
- b) Os envíos a que a Unión Postal Universal confira tal dereito, co alcance establecido nos instrumentos internacionais que fosen ratificados por España.

4. Para os servizos sometidos a obrigas de servizo público dentro do servizo postal universal, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, por proposta do Ministerio de Fomento e logo de informe da Comisión Nacional do Sector Postal, poderá establecer prezos máximos e mínimos, co fin de garantir o cumprimento dos principios indicados no número 1 deste artigo. Igualmente, para o citado ámbito, poderase determinar a aplicación de prezos uniformes en todo o territorio nacional.

###### Artigo 35. *Descontos e prezos especiais aos usuarios.*

1. Cando o operador designado para a prestación do servizo postal universal aplique descontos aos remitentes de envíos masivos de correo, na prestación dos servizos para os cales foi designado, deberá respectar os principios de transparencia e non-discriminación, tanto no que se refire aos prezos como ás condicións asociadas. O operador designado ofrecerá os mesmos descontos ou prezos especiais, xunto coas condicións asociadas, aos demais usuarios, tales como particulares e pequenas e medianas empresas ou fundacións e entidades asociativas declaradas de utilidade pública, sempre que efectúen envíos en condicións similares.

2. A Comisión Nacional do Sector Postal poderá requirir do operador designado a presentación dos contratos a que se refire o punto anterior para verificar o cumprimento dos principios e deberes indicados neste artigo.

3. A Comisión Nacional do Sector Postal verificará que os prezos especiais e os descontos non supoñan incremento das necesidades de financiamento do servizo postal universal e da carga financeira inxusta compensable ao operador designado.

Artigo 36. *Sistemas de franqueo e pagamento dos servizos.*

O operador designado deberá admitir todos os envíos se se presentan cos medios de franqueo descritos nesta lei. Ademais, poderá acordar cos seus clientes calquera outro sistema de pagamento, tales como o pagamento diferido, o franqueo en destino e o prepagamento, así como calquera outro medio admitido en dereito.

## TÍTULO IV

### Réxime xeral de prestación dos servizos postais

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 37. *Réxime de prestación dos servizos postais.*

1. A prestación de servizos postais realizarase en réxime de libre competencia sen máis limitacións que as establecidas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Os servizos postais, en función das condicións exixibles na súa prestación, clasifícanse nas seguintes categorías:

a) Servizos incluídos no ámbito do servizo postal universal, de conformidade co establecido no artigo 21 desta lei.

b) Servizos non incluídos no ámbito do servizo postal universal.

Artigo 38. *Condicións de prestación dos servizos postais.*

1. Para a prestación de servizos postais requírirase o cumprimento das condicións establecidas nesta lei, mesmo para aqueles operadores que actúen en nome, representación ou por conta doutro ou doutros operadores postais.

2. Poderanse establecer e prestar servizos postais en territorio español as persoas naturais coa nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea ou calquera persoa xurídica das previstas no artigo 48 do Tratado da Comunidade Europea e establecida nun Estado membro, ou con outra nacionalidade cando así estea previsto nos convenios ou acordos internacionais en que sexa parte o Estado español. En todo caso o operador deberá dispor de, polo menos, un establecemento permanente en territorio español e comunicar ao Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais os enderezos electrónico e postal e os datos de identificación do seu representante para efectos de comunicacións e notificacións, sen prexuízo das autorizacións que procedan.

Artigo 39. *Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais.*

1. Todas as situacións administrativas, así como os datos relativos aos prestadores de servizos postais deberanse inscribir no Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais, que dependerá da Comisión Nacional do Sector Postal e terá carácter público.

2. A inscrición no citado rexistro, o mesmo que a súa renovación anual, practicarase de oficio a Comisión Nacional do Sector Postal a partir da información contida na declaración responsable ou, se for o caso, na autorización administrativa singular, segundo o réxime aplicable ao servizo que se preste.

3. O funcionamento do rexistro e o procedemento de inscrición de altas, baixas e variacións regularanse regulamentariamente.

## CAPÍTULO II

**Declaracións responsables**

Artigo 40. *Ámbito e condicións das declaracións responsables.*

1. Os que pretendan prestar servizos postais non incluídos no ámbito do servizo postal universal deberán presentar previamente á Comisión Nacional do Sector Postal unha declaración responsable conforme o previsto neste capítulo.

2. Considéranse requisitos esenciais para a prestación dos servizos postais o respecto, conforme o artigo 18.3 da Constitución española, ao dereito á inviolabilidade da correspondencia, a obriga de protección dos datos e da privacidade, así como os establecidos pola normativa sectorial sobre seguridade do funcionamento da rede en materia de transporte de substancias perigosas, saúde pública, sanidade animal, protección do ambiente e ordenación territorial, así como o respecto das estipulacións dos réximes de emprego e seguridade social establecidas mediante lei, regulamento ou decisión administrativa ou convenio colectivo negociado entre os interlocutores sociais nacionais de acordo co dereito nacional e comunitario.

Artigo 41. *Contido da declaración.*

1. A declaración responsable deberase presentar con carácter previo ao inicio da actividade e nela farase constar expresamente o seguinte:

a) A manifestación de que coñece e acata a súa obriga de cumprir en todo momento os requisitos de acceso e de exercicio da actividade postal, os requisitos esenciais recollidos no artigo 40.2 e, en especial, que se compromete ao estrito respecto dos dereitos a que se refire o título II desta lei, excluídos os do artigo 8, así como aos establecidos, con carácter xeral, na lexislación laboral, tributaria, de estranxeiría e de protección dos dereitos dos consumidores e usuarios.

b) Que cumpre cos requisitos establecidos na alínea anterior e que dispón dos documentos que así o acreditan, no momento de efectuar a declaración.

c) O compromiso de manter os requisitos establecidos durante a vixencia da actividade e a comunicar ao Rexistro Xeral calquera cambio que se produza neles.

d) O compromiso de achegar toda a información necesaria para delimitar claramente o servizo que se propón prestar e aqueloutra información complementaria que lle sexa solicitada pola Comisión Nacional do Sector Postal.

2. A presentación da declaración responsable habilita para o exercicio da actividade de que se trate en todo o territorio español, sen prexuízo do pagamento da taxa por inscrición no Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais e de que, logo de audiencia do interesado e mediante resolución motivada, poida ser privada de validez e eficacia, cando se constate que non se cumpren os requisitos exixidos. A adopción desta resolución comportará a cancelación da inscrición rexistral e a súa publicación na forma que a Comisión Nacional do Sector Postal considere suficiente.

Por orde do ministro de Fomento aprobarase o modelo de declaración responsable, que se poderá presentar por medios electrónicos.

3. Para os efectos desta lei, a inscrición no rexistro regulado no artigo 53 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, tamén habilitará para a prestación dos servizos postais non incluídos no ámbito do servizo postal universal, sen prexuízo da presentación ante a Comisión Nacional do Sector Postal da correspondente declaración responsable.

Para estes efectos o Ministerio de Fomento e a Comisión Nacional do Sector Postal convirán as medidas necesarias para a interconexión do Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais e o Rexistro xeral de transportistas e de empresas de actividades auxiliares e complementarias do transporte.



## CAPÍTULO III

**Autorizacións administrativas singulares**

Artigo 42. *Ámbito das autorizacións administrativas singulares.*

Requirirase autorización administrativa singular para a execución de calquera prestación en relación cos servizos incluídos no ámbito do servizo postal universal, nos termos que se define no artigo 21.1.

Artigo 43. *Requisitos para a obtención das autorizacións administrativas singulares e obrigas dos seus titulares.*

1. As autorizacións administrativas singulares outorgaranse con carácter regrado, logo de acreditación do cumprimento polo solicitante dos requisitos exixibles de acordo con este título para a prestación do servizo de que se trate de entre os incluídos no ámbito do servizo postal universal e a asunción por este das condicións a que se refire o artigo 41.1, así como as de calidade, extensión territorial e alcance material do servizo que voluntariamente oferte aos seus clientes.

2. Igualmente, o solicitante deberá asumir o cumprimento das seguintes obrigas:

a) As de servizo público que, de acordo co establecido nesta lei, lle sexan impostas, se é o caso, e con obriga de suxeitarse ao previsto no título III desta lei, segundo se determine na resolución correspondente. A imposición destas obrigas realizarase con respecto ás limitacións establecidas no artigo 9.2 da Directiva 97/67/CE.

b) Non perturbar, na prestación dos servizos postais, os dereitos establecidos para compensar o operador designado para a prestación do servizo postal universal.

c) Facilitar á Comisión Nacional do Sector Postal toda a información que se lle requira, co fin de vixiar o cumprimento do disposto nesta lei ou con fins estatísticos, sen prexuízo das atribucións doutros órganos administrativos ou organismos.

d) A publicación dun informe anual que conteña información sobre o número de reclamacións presentadas polos usuarios dos servizos postais incluídos no ámbito do servizo universal que preste e a forma en que foron tramitadas e resoltas.

Artigo 44. *Procedemento de outorgamento das autorizacións administrativas singulares.*

1. Os interesados na prestación dun servizo postal para o cal se precise autorización administrativa singular dirixirán as súas solicitudes, coa documentación exixible, á Comisión Nacional do Sector Postal.

2. As solicitudes deberán conter os datos sinalados no artigo 70.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e tramitaranse de acordo co procedemento establecido na dita lei e nas súas normas de desenvolvemento.

3. Transcorrido o prazo de tres meses sen que se ditase e notificase resolución expresa, poderase entender estimada a solicitude. Contra a resolución que se dite poderase interpor recurso contencioso-administrativo.

## TÍTULO V

**Acceso á rede postal dos operadores e resolución de conflitos entre eles**

## CAPÍTULO I

**Acceso á rede postal e a outras infraestruturas postais**

Artigo 45. *Acceso á rede postal dos operadores postais.*

1. Garántese o acceso dos operadores postais á rede postal, respecto aos servizos a que se refire a autorización administrativa singular de que sexan titulares, de conformidade

cos principios de transparencia, proporcionalidade e non-discriminación. Para estes efectos, enténdese por transparencia a publicidade previa das condicións de acceso; por proporcionalidade, a adecuación entre as dispoñibilidades do operador designado e as necesidades do interesado; e por non-discriminación, o acceso sen diferenciación de ningún tipo entre os operadores e as filiais do operador designado ou as entidades participadas por este, sempre que se encontren en condicións análogas, en particular as derivadas de consideracións políticas, relixiosas, raciais, sexuais, culturais ou ideolóxicas.

Co obxecto de manter a integridade, eficacia e eficiencia da rede, os envíos deberanse presentar nos centros de admisión masiva e continuarán na rede ata a distribución final, en condicións non discriminatorias respecto ás aplicadas polo operador designado ás súas filiais ou entidades participadas.

2. O operador designado para prestar o servizo postal universal deberá elaborar un contrato tipo de acceso á rede postal, que será aprobado previamente pola Comisión Nacional do Sector Postal e publicado no sitio web do operador e da propia Comisión. Este contrato deberá respectar o disposto na Lei 7/1998, do 13 de abril, de condicións xerais de contratación.

3. Sen prexuízo do previsto no punto anterior, os operadores titulares de autorizacións administrativas singulares poderán negociar co operador designado condicións distintas ás establecidas no contrato tipo de acceso á rede postal que, en todo caso, deberán garantir a calidade do servizo e o respecto ás condicións xerais publicadas.

No suposto de que estas negociacións non conclúsen na celebración dun contrato por inexistencia de acordo entre as partes, calquera delas poderá solicitar da Comisión Nacional do Sector Postal que estableza as condicións de acceso, que serán vinculantes para ambas as partes.

Para tal efecto, a Comisión Nacional do Sector Postal resolverá sobre as condicións de acceso de acordo cos principios de proporcionalidade, transparencia, non-discriminación e garantía do dereito de acceso á rede do operador entrante, así como do de non perturbación dos dereitos establecidos para compensar o operador designado por prestar o servizo postal universal e a preservación do cumprimento das obrigas de servizo público que recaen sobre este. Contra a resolución poderase recorrer en vía contencioso-administrativa.

4. O operador designado informará dos contratos que subscriba sen suxeición ao contrato tipo á Comisión Nacional do Sector Postal. Cando a Comisión considere que estes contratos son contrarios ao dereito da competencia porao en coñecemento da Comisión Nacional da Competencia.

En caso de que estes contratos sexan contrarios aos principios, requisitos ou condicións a que se refire o capítulo II do título III ou ao cabal cumprimento do plan de prestación do servizo postal universal, serán nulos de pleno dereito. Neste suposto a Comisión, mediante resolución, declarará a nulidade do contrato, logo de audiencia das partes.

5. En todo caso, tanto para os contratos individuais como para o contrato tipo, a Comisión comprobará que as tarifas fixadas neles se axustan aos principios de transparencia, non-discriminación e cobertura do custo ocasionado ao titular da rede, e verificará que estas tarifas non supoñan incremento das necesidades de financiamento do servizo postal universal e da carga financeira inxusta compensable ao operador prestador do servizo.

A Comisión Nacional do Sector Postal poderá desenvolver os criterios para determinar as tarifas dos contratos aténdose aos principios enunciados no parágrafo anterior. Entre estes criterios poderase incluír a concesión de descontos no acceso á rede vinculados ao volume e características dos envíos.

#### Artigo 46. *Tarifas de acceso á rede postal polos operadores postais.*

As tarifas de acceso á rede postal poderán ter en consideración, entre outros elementos, o horario de presentación dos envíos, o seu volume, destino de distribución, grao de clasificación e preparación, e non poderán supor perdas económicas para o titular da rede.

Así mesmo, para a fixación das tarifas ponderarase o custo ocasionado ao operador designado e, se é o caso, o evitado ao dito operador.

Artigo 47. *Acceso a outras infraestruturas.*

Regulamentariamente determinaranse as condicións de acceso dos titulares de autorizacións administrativas singulares de maneira transparente e non discriminatoria a outras infraestruturas postais tales como son o sistema de código postal, a base de datos de enderezos, os apartados postais, as caixas de correos de distribución, a información sobre cambios de enderezo, o servizo de reexpedición ou o servizo de devolución ao remitente, sempre que isto resulte necesario para protexer o interese dos usuarios ou favorecer unha competencia real, segundo modalidades técnicas e tarifarias previstas nos acordos asinados a este fin co operador designado, todo isto sen prexuízo do disposto na normativa sobre protección de datos.

A Comisión Nacional do Sector Postal velará pola observancia dos principios de transparencia e non-discriminación no dito acceso.

## CAPÍTULO II

### Resolución de conflitos entre operadores postais

Artigo 48. *Resolución de conflitos entre operadores postais e o operador designado para a prestación do servizo postal universal.*

1. A Comisión Nacional do Sector Postal resolverá os conflitos que se susciten entre o operador designado e outros operadores postais que leven a cabo servizos incluídos no ámbito do servizo postal universal, en relación co acceso tanto á rede postal como a outros elementos da infraestrutura e dos servizos postais, en particular conforme o previsto no segundo parágrafo do número 3 do artigo 45, todo isto de acordo co establecido no artigo 16 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal.

2. O procedemento de resolución destes conflitos deberá respectar os principios de audiencia, contradición e igualdade entre as partes.

Cando a Comisión aprecie temeridade ou mala fe poderá impor unha multa ata o 5 por cento da cantidade reclamada ou, de ser indeterminada, ata o 5 por cento do capital social ou fondos propios, cun mínimo do 2.000 euros, máis o pagamento das custas causadas.

As multas e os gastos ocasionados terán a natureza de créditos de dereito público e serán exixibles pola vía administrativa de constrinximento.

Artigo 49. *Conflito entre operadores non designados para a prestación do servizo postal universal.*

Os operadores postais poderán someter á arbitrase da Comisión Nacional do Sector Postal os conflitos que se susciten entre eles, con suxeición ás normas de procedemento previstas no Regulamento de desenvolvemento xeral da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal.

## TÍTULO VI

### Autoridade nacional de regulamentación

Artigo 50. *Autoridade nacional de regulamentación.*

1. Terán a consideración de autoridade nacional de regulamentación postal:

- a) O Goberno, no exercicio da potestade regulamentaria.
- b) Os órganos superiores e directivos do Ministerio de Fomento, conforme as atribucións que lles confire a normativa vixente.
- c) A Comisión Nacional do Sector Postal, de acordo coa súa lei de creación.

2. Corresponde ao Goberno a potestade regulamentaria orixinaria en materia postal, ao Ministerio de Fomento a ordenación normativa e execución da política postal e á Comisión Nacional do Sector Postal a supervisión e regulación do mercado postal, todo isto de acordo coa súa normativa específica e sen prexuízo das competencias que correspondan á Comisión da Unión Europea de acordo coa normativa comunitaria.

3. As entidades que subministren á autoridade nacional de regulamentación documentos, datos, informes ou antecedentes poderán indicar, de forma xustificada, qué parte do achegado consideran de transcendencia comercial ou industrial, cuxa difusión podería prexudicalos, para os efectos de que sexa declarada a súa confidencialidade respecto de calquera persoa ou entidade allea á autoridade nacional de regulamentación. A autoridade nacional de regulamentación decidirá, de forma motivada, sobre a información que, segundo a lexislación vixente, quede exceptuada do segredo comercial ou industrial ou a amparada pola confidencialidade.

#### Artigo 51. *O Consello Superior Postal.*

1. O Consello Superior Postal é o máximo órgano de participación das administracións públicas, dos usuarios, dos prestadores de servizos postais, dos sindicatos, que teñan a consideración de máis representativos tanto a nivel estatal como autonómico, e das asociacións filatélicas en materia postal.

2. O Consello será presidido polo subsecretario de Fomento ou a persoa en quen delegue e terá atribuídas as funcións consultivas do Goberno en materia postal que determine a súa norma de desenvolvemento.

O presidente poderá acordar que as sesións se realicen polo procedemento escrito ou por medios electrónicos.

### TÍTULO VII

#### **Inspección, infraccións e sancións**

#### Artigo 52. *Competencia.*

A Comisión Nacional do Sector Postal exercerá a competencia de inspección e sanción en relación co mercado postal de acordo co disposto na súa normativa específica e neste título.

#### Artigo 53. *Facultades da inspección e deber de colaboración.*

1. Os funcionarios da Comisión Nacional do Sector Postal que desempeñen funcións de inspección postal serán considerados axentes da autoridade nos seus actos de servizo ou con motivo deles e deberán acreditar a súa condición se son requiridos para iso fóra das oficinas públicas.

As autoridades públicas prestarán a protección e o auxilio necesarios aos citados funcionarios para o exercicio das súas funcións cando for requirido.

2. Os suxeitos sometidos a investigación deberán atender á inspección e prestaranlle a debida colaboración no desenvolvemento das súas funcións. Cando sexan requiridos para iso deberán comparecer, por si ou por medio de representante, no lugar, día e hora sinalados para a práctica das actuacións, e deberán presentar ou ter á disposición da inspección os documentos e demais antecedentes solicitados.

3. Os prestadores dos servizos postais e os que se encontren ao seu servizo virán obrigados a facilitar ao persoal da inspección o acceso ás súas instalacións e a calquera lugar en que existan ou poidan existir probas relacionadas coa investigación, así como a permitir que o dito persoal leve a cabo o exame dos elementos afectos aos servizos ou actividades que realicen e cantos datos, informes ou antecedentes consten no seu poder relacionados co obxecto da investigación, sen prexuízo dos dereitos constitucionalmente recoñecidos.

Os funcionarios da inspección postal poderán, así mesmo, acceder a calquera lugar en que se encontren probas relacionadas coa infracción postal perseguida, e o seu morador ou calquera persoa que se encuentre no dito lugar deberá facilitarles o acceso.

Se a persoa baixo cuxa custodia se encontren os lugares mencionados no parágrafo anterior se opuxer á entrada dos funcionarios, precisarase de autorización escrita do presidente da Comisión Nacional do Sector Postal, que só se poderá outorgar cando exista unha presunción razoable de que non se trata dun domicilio constitucionalmente protexido.

Cando no exercicio da actuación inspectora sexa necesario entrar no domicilio constitucionalmente protexido do suxeito sometido a investigación, a Comisión Nacional do Sector Postal deberá obter o consentimento daquel ou a oportuna autorización xudicial.

4. As persoas naturais ou xurídicas comprendidas neste artigo quedan obrigadas a pór á disposición do persoal da inspección cantos libros, rexistros e demais documentos que, respecto á actividade postal exercida, lles sexan requiridos.

#### Artigo 54. *Procedemento sancionador e documentación das actuacións inspectoras.*

O procedemento que se siga para a determinación das faltas e imposición das sancións deberase suxeitar aos principios xerais do procedemento administrativo sancionador e, en particular, aos de audiencia do interesado e protección do denunciante.

Os inspectores documentarán as súas actuacións mediante actas, dilixencias e informes conforme se determine regulamentariamente.

#### Artigo 55. *Lugar de realización das actuacións inspectoras.*

1. As actuacións da Inspección Postal poderán desenvolverse, á elección do actuario:

- a) En calquera despacho, oficina ou dependencia da persoa ou entidade inspeccionada ou de quen a represente.
- b) Nos propios locais da Comisión Nacional do Sector Postal.

2. Cando as actuacións de comprobación ou investigación se desenvolvan nos lugares sinalados na alínea a) anterior, observarase a súa xornada laboral, sen prexuízo de que se poida actuar de común acordo noutras horas ou días.

#### Artigo 56. *Infraccións e persoas responsables.*

1. Son infraccións administrativas na orde postal as accións e omisións tipificadas como tales nesta lei.

2. A responsabilidade administrativa polas infraccións administrativas na orde postal establecidas nesta lei exixirase ás persoas naturais ou xurídicas así como ás herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades carentes de personalidade xurídica que cometan calquera das infraccións tipificadas, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan ter incorrido en relación, entre outras, coas normas civís sociais, tributarias, de estranxeiría ou penais.

#### Artigo 57. *Responsabilidade solidaria.*

1. Serán responsables solidarios das infraccións postais cometidas polos traballadores, no ámbito de actuación do poder de dirección e mando empresarial, os prestadores dos servizos postais de que dependan.

2. Responderá con carácter solidario das infraccións cometidas na prestación de servizos postais utilizando unha determinada marca comercial o titular desta se se aprecia unha actuación concertada entre el e o infractor.

3. Tamén son responsables solidarios os partícipes ou cotitulares das entidades sen personalidade xurídica a que se refire o artigo anterior, así como os que sucedan o infractor por calquera concepto no exercicio da actividade postal en cuxo ámbito se cometese a infracción, salvo que na sucesión non interviñese a vontade do infractor, na medida en que tiveren algún poder de xestión ou administración en tales entidades.

4. Así mesmo, son responsables solidarios os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas que non salvasen o seu voto con motivo do acordo que ocasionase a infracción.

Artigo 58. *Clasificación das infraccións.*

As infraccións das normas reguladoras dos servizos postais clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 59. *Infraccións moi graves.*

Considéranse infraccións moi graves:

a) O incumprimento das obrigas que derivan dos dereitos recollidos no artigo 5 e nos números 1 e 2 do artigo 7 desta lei. Así mesmo, o incumprimento das obrigas que se recollen no artigo 6, cando se trate de envíos de correspondencia.

b) O incumprimento dos principios, requisitos e condicións relacionados coa prestación do servizo postal universal ou o incumprimento do plan de prestación do dito servizo que faga que este resulte gravemente comprometido.

c) A prestación de servizos postais sen reunir os requisitos exixidos por esta lei ou sen contar coa autorización administrativa singular requirida para tales servizos, sempre que comprometa gravemente o cumprimento das obrigas de servizo público ou a prestación do servizo postal universal.

d) O incumprimento do disposto no artigo 38.2, cando poida comprometer gravemente a realización do servizo postal universal.

e) O incumprimento grave ou reiterado dos requisitos esenciais para a prestación dos servizos postais a que se refire o artigo 40.2, en particular o respecto das estipulacións dos réximes de emprego e seguridade social, ou cando prexudique substancialmente a prestación do servizo postal universal ben por intromisión ilexítima neste, ben de maneira indirecta ou de calquera outro modo que afecte a prestación do dito servizo postal universal.

f) O incumprimento de calquera das obrigas previstas no número 2 do artigo 43, ou as de calidade, extensión ou alcance material que voluntariamente tiver asumido o operador para a obtención da autorización, cando sexa grave ou reiterado e prexudique substancialmente a prestación do servizo postal universal.

g) O incumprimento reiterado das instrucións ou circulares ditadas pola Comisión Nacional do Sector Postal.

h) O mantemento incorrecto de contas separadas de forma tal que non sexa posible recoñecer os ingresos diferenciadamente ou a falsidade dos asentos, a omisión de operacións realizadas ou a contabilización en contas incorrectas.

i) A grave ou reiterada vulneración dos demais dereitos dos usuarios, distintos dos recollidos na alínea a) precedente.

j) A violación reiterada das garantías concedidas ao operador ao cal se lle encomendou a prestación do servizo postal universal.

k) A negativa ou a obstrución grave ou reiterada á actuación inspectora.

l) A achega reiterada á Comisión Nacional do Sector Postal de calquera documento, dato, informe ou antecedente falso, falseado ou incompleto ou que conteña datos falsos, falseados ou incompletos.

m) A comisión, no prazo dun ano, de dúas ou máis infraccións graves.

Artigo 60. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

a) As tipificadas nas alíneas b) a l) do artigo anterior, cando non se dean as circunstancias que permitan cualificar a infracción como moi grave.

b) O incumprimento reiterado das obrigas de subministración de información á autoridade nacional de regulamentación, xa sexan exixidas por normas de carácter xeral ou por requirimento individual.

c) O incumprimento das instrucións ou circulares da Comisión Nacional do Sector Postal.

d) A falta de colaboración coa autoridade nacional de regulamentación.

e) A comisión, no prazo dun ano, de dúas ou máis infraccións leves.

#### Artigo 61. *Infraccións leves.*

Considéranse infraccións leves:

a) A falta de comunicación ou a negativa a facilitar, no prazo concedido para o efecto, os documentos, datos, informes ou antecedentes requiridos pola autoridade nacional de regulamentación, sempre e cando non teña carácter grave.

b) A prestación de servizos postais non incluídos no ámbito do servizo postal universal, sen ter presentado a preceptiva declaración responsable.

c) Calquera outro incumprimento desta lei e demais normativa postal, salvo que deba ser considerado como infracción moi grave ou grave.

#### Artigo 62. *Sancións.*

1. As infraccións leves sancionaranse con multa do 200 a 8.000 euros, as graves con multa de 8.001 a 80.000 euros e as moi graves con multa de 80.001 a 400.000 euros.

2. As infraccións moi graves, en atención ás circunstancias que concorran na súa comisión, poderán dar lugar á revogación da autorización administrativa singular para a prestación do servizo polo infractor. Así mesmo, poderán comportar a precintaxe, a incautación dos equipamentos ou vehículos ou a clausura das instalacións, mentres non se dispoña da oportuna autorización administrativa.

3. A sanción firme pola infracción tipificada no artigo 59.e) comportará, desde que se produza, a inhabilitación do infractor para o exercicio da actividade postal durante o prazo dun ano.

4. As contías sinaladas neste artigo poderán ser actualizadas pola lei de orzamentos xerais do Estado.

5. O importe da sanción firme imposta ao operador postal, de acordo coa lexislación de protección de datos de carácter persoal, por feitos que sexan pola súa vez constitutivos de infracción postal, descontarase da sanción desta natureza que corresponda, co límite do 50 por cento dela.

#### Artigo 63. *Criterios para a gradación de sancións.*

Para a determinación das correspondentes sancións, dentro dos límites indicados no artigo anterior, teranse en conta as seguintes circunstancias:

a) A importancia do dano causado e a súa repercusión social ou económica.

b) A contía do beneficio ilícitamente obtido.

c) O grao de participación do infractor na infracción cometida.

d) A intencionalidade na comisión das infraccións.

e) A reiteración na comisión de infraccións nun período superior a un ano e inferior a cinco.

#### Artigo 64. *Redución das sancións.*

1. A contía das sancións pecuniarias impostas reducirase nun 25 por cento cando o infractor preste a súa conformidade á proposta de resolución.

2. O importe da redución practicada exixirase sen máis requisito que a notificación ao interesado cando se interpuxese contra a sanción recurso ou reclamación.

Artigo 65. *Cobramento das sancións.*

Para a cobranza das sancións establecidas nesta lei a Comisión Nacional do Sector Postal desfrutará das prerrogativas establecidas no punto primeiro do artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 66. *Multas coercitivas.*

A Comisión Nacional do Sector Postal, independentemente das multas sancionadoras, poderá impor, logo de requirimento reiterado de cumprimento, multas coercitivas conforme a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A multa coercitiva imporase con periodicidade mínima mensual e non superará o 25 por cento da sanción máxima fixada para a infracción cometida.

Artigo 67. *Medidas cautelares.*

1. Durante a instrución do procedemento sancionador poderanse adoptar, por instancia das partes, as medidas estritamente necesarias para asegurar a eficacia da resolución que puiden recaer, evitar o mantemento dos efectos da infracción e salvagardar os intereses xerais.

2. As medidas de carácter provisional poderán consistir, entre outras, na detención dos envíos postais, na clausura das instalacións en que se veñan exercendo as actividades ou na precintaxe dos medios utilizados.

3. As medidas deberán ser proporcionadas, respectar o principio de mínima intervención e durar o estritamente necesario.

Artigo 68. *Extinción da responsabilidade.*

1. A responsabilidade derivada das infraccións postais extinguirase polo falecemento do suxeito infractor e polo transcurso do prazo de prescrición para impor as correspondentes sancións.

2. O prazo de prescrición das infraccións desta lei será para as moi graves de tres anos, para as graves de dous anos, e para as leves de seis meses.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar desde o día en que a infracción se cometese. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e o prazo de prescrición reiniciarase se o expediente sancionador estiver paralizado durante máis de seis meses por causa non imputable ao presunto responsable.

Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a correr desde o momento da finalización da actividade ou desde o último acto con que a infracción se consuma.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos; as impostas por faltas graves, aos dous anos, e as impostas por faltas leves, ao ano. O prazo de prescrición das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impoñan e interromperase conforme o previsto no punto segundo do artigo 68 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición adicional primeira. *Operador designado polo Estado para prestar o servizo postal universal.*

A «Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, Sociedade Anónima» ten a condición de operador designado polo Estado para prestar o servizo postal universal por un período de 15 anos a partir da entrada en vigor desta lei, e na súa virtude queda suxeito ás obrigas de servizo público consistentes na prestación dos servizos que se recollen no título III, que deberá cumprir conforme os principios, requisitos e condicións que se establecen nesta lei e no plan a que se refire o artigo 22.



A Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, Sociedade Anónima deberá acomodar a súa planificación estratéxica e a súa xestión e funcionamento ao disposto no parágrafo anterior, para o cal se subscribirá un contrato regulador da prestación do servizo postal universal entre os ministerios de Economía e Facenda e Fomento e o citado operador, que se celebrará, por sucesivos períodos quinquenais e nel determinaranse os dereitos e as obrigas atribuídos ás partes.

En todo caso, no contrato especificaranse con detalle suficiente as medidas que garantan a mellora permanente da calidade, a eficacia e a eficiencia na prestación, e as consecuencias do seu incumprimento, xunto cos mecanismos de control e seguimento correspondentes, así como as causas e o procedemento de liquidación do contrato, incluídas as condicións de prestación do servizo postal universal durante o período de transición ata o inicio efectivo da súa prestación polo operador ou operadores que se designen.

Sen prexuízo do anterior, o operador público manterá unha estrita separación estrutural e funcional respecto da autoridade nacional de regulamentación.

Disposición adicional segunda. *Seguimento das condicións de prestación do servizo postal universal.*

Periodicamente e, como máximo, cada cinco anos, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, logo de informe da Comisión Nacional do Sector Postal, valorará o cumprimento das condicións de prestación do servizo postal universal por parte do operador designado para a súa prestación.

Disposición adicional terceira. *Servizos mínimos de carácter obrigatorio.*

Por orde do ministro de Fomento fixaranse os servizos mínimos de carácter obrigatorio para asegurar a prestación do servizo postal universal.

Disposición adicional cuarta. *Emisión e distribución de selos e doutros signos de franqueo.*

1. As emisións de selos de correo e demais signos de franqueo, así como a súa programación, serán autorizadas mediante resolución conxunta dos subsecretarios de Economía e Facenda e de Fomento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente.

2. Créase, adscrita ao Ministerio de Fomento, a Comisión Filatélica do Estado, como órgano consultivo dos ministerios de Economía e Facenda e de Fomento, con funcións de consulta, asesoramento e proposta en materia de emisión de selos e demais signos de franqueo.

Na composición desta Comisión garantirase a participación das asociacións filatélicas máis representativas.

Reglamentariamente establecerase a súa composición, competencias e réxime de funcionamento.

3. As funcións de distribución e venda de selos de correo da «Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, Sociedade Anónima» entenderanse sen prexuízo da obriga que teñen os membros integrantes da rede de expendedorías de tabaco e timbre de comercializar os selos de correo de acordo co que establece a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e os seus regulamentos de desenvolvemento.

Disposición adicional quinta. *Condecoracións postais e carteiros honorarios.*

1. A Orde Civil do Mérito Postal e a Medalla ao Mérito Filatélico son as condecoracións que, no ámbito postal, se poden outorgar conforme o previsto regulamentariamente.

2. O presidente da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A. poderá nomear carteiros honorarios entre aquelas persoas que destacasen no apoio ao servizo postal na citada entidade. O nomeamento como carteiro honorario comportará o tratamento e as consideracións que a citada sociedade determine.

Disposición adicional sexta. *Selo de excelencia de empresa postal sustentable.*

Créase o selo de excelencia de empresa postal sustentable destinado a distinguir os operadores postais que destaquen pola excelencia da súa xestión en materia ambiental, social, laboral e, en xeral, de responsabilidade social corporativa.

Disposición adicional sétima. *Mencións.*

As mencións realizadas na Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal, na súa normativa de desenvolvemento e noutras normas, á Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, entenderanse feitas a esta lei.

Disposición adicional oitava. *Medidas adicionais e complementarias ás definidas nas disposicións adicionais cuadraxésimo primeira e cuadraxésimo segunda da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.*

1. Conta de compensación nas sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe dependentes da Administración xeral do Estado.

1.A) Obxecto.

A partir do 1 de xaneiro do 2011, autorízanse determinadas sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe dependentes da Administración xeral do Estado, para establecer unha conta de compensación.

A apertura da dita conta requirirá solicitude previa á Delegación do Goberno nas sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe.

A autorización e o seu funcionamento non afectará ningunha outra condición da concesión.

1.B) Ámbito de aplicación.

As sociedades que se poderán acoller ao establecido nesta disposición son as titulares das concesións administrativas das seguintes autoestradas:

Tramos: M-40-Arganda del Rey, da autoestrada de peaxe R-3, de Madrid a Arganda del Rey; M-40-Navalcarnero, da autoestrada de peaxe R-5, de Madrid a Navalcarnero, e da M-50 entre a autoestrada A-6 e a estrada M-409. Adxudicada polo Real decreto 1515/1999, do 24 de setembro.

Autoestrada de peaxe R-2, de Madrid a Guadalajara, e da circunvalación a Madrid M-50, subtramo desde a estrada N-II ata a estrada N-I. Adxudicada polo Real decreto 1834/2000, do 3 de novembro.

Autoestrada de peaxe R-4, de Madrid a Ocaña, tramo M-50-Ocaña; a circunvalación a Madrid M-50, subtramo desde a estrada N-IV ata a estrada N-II; do eixe sueste, tramo M-40-M-50, e da prolongación da conexión da estrada N-II co distribuidor leste, e actuacións de mellora na M-50, tramo M-409-N-IV. Adxudicada polo Real decreto 3540/2000, do 29 de decembro.

Autoestrada de peaxe eixe aeroporto, desde a estrada M-110 ata a A-10; da autoestrada de peaxe eixe aeroporto, desde a A-10 ata a M-40; e construción da prolongación e melloras do acceso sur a Barajas; da ampliación a tres carrís da autovía A-10, entre a conexión co eixe aeroporto e o nó de Hortaleza, e da conexión aeroporto-variante N-II e vías de servizo sur de Barajas. Adxudicada polo Real decreto 1197/2002, do 8 de novembro.

Autoestrada de peaxe Cartagena-Vera. Adxudicada polo Real decreto 245/2004, do 6 de febreiro.

Autoestrada de peaxe Madrid-Toledo e autovía libre de peaxe A-40 de Castilla-La Mancha, tramo: circunvalación norte de Toledo. Adxudicada polo Real decreto 281/2004, do 13 de febreiro.

Autoestrada de peaxe circunvalación de Alicante, a variante libre de peaxe de El Campello e outras actuacións. Adxudicada polo Real decreto 282/2004, do 13 de febreiro.

Autoestrada de peaxe Ocaña-La Roda e a autovía libre de peaxe A-12, tramo: N-301-Atalaya de Cañavate.

Autoestrada de peaxe Málaga, tramo: Alto de las Pedrizas-Málaga

1.C) Funcionamento da conta.

C.1) Consignación e aboamento a favor da sociedade concesionaria.

Durante un período de tres anos, a sociedade concesionaria consignará anualmente, na conta de compensación, a diferenza entre os ingresos de peaxe que se terían producido de se ter alcanzado o 80 por 100 do tráfico previsto no plan económico financeiro presentado na oferta de licitación pola dita sociedade e os ingresos de peaxe derivados do tráfico real.

A cantidade que se consignará anualmente na conta non poderá superar o 49 por 100 do importe resultante de sumar aos ingresos anuais de peaxe da concesión a cantidade que hai que consignar.

A dita cantidade estará suxeita ao límite das dispoñibilidades orzamentarias fixadas cada ano na lei de orzamentos xerais do Estado para este concepto, que no exercicio 2011 non superará o importe global de 80,1 millóns de euros.

Para estes efectos, os ingresos reais de peaxe de cada ano serán os que figuran nas últimas contas auditadas.

No mes de xaneiro de cada ano, a sociedade concesionaria presentará á Delegación do Goberno nas sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe o importe consignado na conta de compensación para a súa aprobación e posterior aboamento á sociedade concesionaria pola Administración no dito ano.

C.2) Consignación e aboamento ao Tesouro Público.

As cantidades consignadas na conta de compensación, de acordo co establecido no punto anterior, serán aboadas á Administración concedente durante o período de vixencia da concesión ou ata que se cancele a conta, segundo o seguinte procedemento:

Cando as últimas contas auditadas dean uns ingresos reais de peaxe superiores aos previstos no plan económico financeiro da oferta de licitación, a sociedade concesionaria, en xaneiro do exercicio seguinte, consignará na conta e con signo negativo o 50 por 100 da diferenza entre os ingresos reais de peaxe e os previstos no dito plan económico financeiro.

O Ministerio de Fomento poderá autorizar, por instancia do concesionario e logo do informe do Ministerio de Economía e Facenda, a consignación doutros importes adicionais que permitan a devolución total ou parcial, de forma anticipada, das cantidades consignadas de acordo co establecido no punto anterior.

No citado mes de xaneiro, a sociedade concesionaria presentará á Delegación do Goberno nas sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe o importe consignado na conta de compensación para a súa aprobación e posterior aboamento ao Tesouro Público no mesmo exercicio.

Tanto os pagamentos da Administración como os que, se for o caso, efectúe o concesionario a esta, quedarán recollidos na contabilidade da sociedade concesionaria, respectivamente, como ingresos e gastos de explotación dos seus correspondentes exercicios.

C.3) Cancelación da conta de compensación.

Ao remate dos tres anos de vixencia da conta de compensación, a Delegación do Goberno nas sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe determinará, anualmente, o saldo da dita conta. Este saldo será a diferenza entre as cantidades aboadas durante o dito período pola Administración e pola sociedade concesionaria.

O saldo da conta de compensación devengará, a partir dese momento e ata que se cancele a conta, a maior das cantidades seguintes:

- a) A cantidade resultante de aplicar, sobre o saldo da conta de compensación en 31 de decembro, un tipo de xuro fixo de 175 puntos básicos.
- b) A cantidade resultante de aplicar a porcentaxe que supoña o saldo da conta de compensación en 31 de decembro, respecto ao valor do investimento total, á diferenza obtida de detraer do 75 por 100 dos ingresos netos de peaxe, a contía anual de amortización lineal do investimento total, conforme a seguinte expresión:

$$R = C \times (0,75 \text{ INP} - A)$$

Sendo:

$$C = \frac{S}{IT}$$

$$A = \frac{IT}{N}$$

R= remuneración.

S= saldo da conta de compensación.

IT= investimento total en autoestrada.

INP= ingresos de peaxe que figuran nas contas da sociedade concesionaria.

N= número de anos de concesión, inicial ou prorrogada, se é o caso.

As cantidades devengadas capitalizaranse xunto co principal do saldo da conta de compensación, e consideraranse como tal para todos os efectos.

A conta de compensación cancelarase no exercicio en que o seu saldo sexa nulo.

#### 1.D) Medidas de desenvolvemento.

Facúltase a Delegación do Goberno nas sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe para ditar as instrucións e adoptar as medidas oportunas para o desenvolvemento do establecido nesta disposición adicional.

#### 2. Medidas complementarias para o reequilibrio económico-financeiro das concesións de autoestradas de peaxe.

Prorrógase ata o 30 de xuño do 2011 o prazo previsto na disposición adicional cuadraxésimo primeira, punto tres, da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, relativo á finalización convencional dos procedementos derivados das reclamacións por obras adicionais xa executadas ao tempo da súa entrada en vigor polas concesionarias de autoestradas de peaxe competencia da Administración xeral do Estado.

#### 3. Medidas complementarias para o reequilibrio económico financeiro das concesións de obras públicas para a conservación e explotación das autovías de primeira xeración.

Con respecto aos contratos incluídos no Programa de adecuación das autovías de primeira xeración, a que se refire a disposición adicional cuadraxésimo segunda da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, establécense as medidas seguintes:

##### 3.A) Alternativas, melloras e obras adicionais.

Decláranse incluídas no obxecto da concesión, con efectos do 1 de xaneiro do 2010, as modificacións orixinadas polas alternativas ou melloras en relación coas obras de primeiro establecemento con funcionalidade análoga ás dos anteproxectos de adecuación, reforma e conservación, así como as obras adicionais, realizadas por razóns de interese público, non recollidas nos ditos anteproxectos, que en aplicación do disposto na

mencionada disposición adicional 42 fosen autorizadas polo órgano de contratación no momento da entrada en vigor desta lei.

3.B) Procedemento para a aprobación do reequilibrio económico-financeiro e a concesión do préstamo participativo.

A aprobación polo órgano de contratación do reequilibrio económico do contrato exixirá exclusivamente a audiencia previa ao concesionario e os informes da Avogacía do Estado e da Intervención Delegada.

A concesión do préstamo participativo axustarase ao mesmo procedemento, aínda que, conforme o disposto no artigo 17 do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, o expediente requirirá o informe preceptivo e vinculante do Ministerio de Economía e Facenda.

Este procedemento será de aplicación exclusivamente no exercicio 2011 e para o reequilibrio económico-financeiro e a concesión do préstamo participativo derivados das obras a que se refire o punto tres A).

4. Crédito extraordinario no Ministerio de Fomento.

Un. Concédese un crédito extraordinario no orzamento en vigor da sección 17, Ministerio de Fomento, servizo 20, programa 451N, concepto 836, «A sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe para aboamento da conta de compensación regulada na disposición adicional oitava», por importe de 80,1 millóns de euros.

Dous. O crédito extraordinario que se concede financiarase con débeda pública.

5. Entrada en vigor desta disposición adicional.

O establecido nesta disposición adicional entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2011.

Disposición adicional novena. *Modificación do prazo outorgado na disposición derradeira sétima da Lei 33/2010, do 5 de agosto, de modificación da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos nos portos de interese xeral.*

O prazo conferido na disposición derradeira sétima da Lei 33/2010, do 5 de agosto, de modificación da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos nos portos de interese xeral, amplíase ata o 31 de decembro do 2011, manténdose a delegación lexislativa nos mesmos termos outorgados na citada disposición derradeira.

Disposición adicional décima. *Autorización para a realización de reenchementos no dominio público portuario do porto de Bilbao recollidos nos proxectos para o desenvolvemento urbanístico de Zorrotzaurre.*

Excepcionalmente, poderase autorizar a realización de reenchementos no dominio público portuario do porto de Bilbao, recollidos nos proxectos para o desenvolvemento urbanístico de Zorrotzaurre, que teñan por obxecto restablecer, total ou parcialmente, a situación física existente anteriormente á actividade portuaria, co fin de restituír ao municipio uns solos nas debidas condicións ambientais nas zonas que vaian deixar de ser portuarias.

Disposición transitoria única. *Condicións de prestación.*

As condicións de prestación do servizo postal universal e o seu réxime de financiamento rexeranse pola normativa anterior á entrada en vigor desta lei ata que o Goberno aprobe o plan de prestación do servizo postal universal e o seu contrato regulador.

A Comisión Nacional do Sector Postal establecerá un calendario para efectuar as renovacións das empresas que figuren inscritas no Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais no momento da entrada en vigor desta lei e comunicará a cada empresa o procedemento e os requisitos necesarios para a actualización da inscrición, así como o prazo para efectuala.

En todo caso, a totalidade das renovacións de inscrición no Rexistro mencionado deberá estar efectuada antes do 1 de xaneiro do 2012.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas a Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, e cantas outras disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal.*

1. Modifícase o artigo 7 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal, que quedará redactado nos seguintes termos:

«1. Para o cumprimento dos obxectivos que se establecen no artigo anterior a Comisión Nacional do Sector Postal exercerá as competencias que se lle atribúen na normativa postal e na dos organismos reguladores.

Así mesmo, será responsable de xestionar e controlar a utilización do censo promocional conforme o definido no artigo 31 da Lei orgánica de protección de datos, así como da súa aplicación, conforme se determine regulamentariamente.

As resolucións que dite o Consello no exercicio das súas funcións públicas porán fin á vía administrativa e serán impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

2. A Comisión Nacional do Sector Postal deberá, anualmente, elaborar un informe sobre o desenvolvemento do mercado postal, que será presentado ao Ministerio de Fomento e elevado ás Cortes Xerais.

Este informe será elevado ao Goberno, a través do ministro de Fomento, nos termos que regulamentariamente se desenvolvan.

3. A Comisión Nacional do Sector Postal presentará, anualmente, un informe sobre a calidade, custo e financiamento do servizo postal universal e sobre a evolución do acceso á rede postal. Este informe será trasladado ao Ministerio de Fomento, que o remitirá á Comisión Delegada para Asuntos Económicos.

4. A Comisión Nacional do Sector Postal deberá presentar, nos termos que así se prevexan normativamente, as memorias, plans de actuación e informes económicos que, con carácter xeral, sexan requiridos para os organismos reguladores.»

2. Modifícase o número 2 do artigo 11 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal, que terá a seguinte redacción:

«2. Os recursos da Comisión estarán integrados por:

a) Os bens e valores que constitúan o seu patrimonio, así como os produtos e rendas deste.

b) Os ingresos obtidos pola liquidación das taxas que teñan por obxecto o financiamento do funcionamento da Comisión.

c) O importe das sancións e multas coercitivas previstas nesta lei.

d) As transferencias que se efectúen, se é o caso, con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

e) As doazóns e legados que reciba.»

3. Modifícase o artigo 13, nos seus números 1 e 5, da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal, que quedará redactado da seguinte maneira:

«1. As persoas e entidades que figuren inscritas no Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais estarán obrigadas a satisfacer unha taxa de periodicidade anual, destinada a financiar os gastos derivados do funcionamento da Comisión Nacional do Sector Postal.»

«5. A cota que se ingresará será de 400 euros, sen prexuízo das actualizacións que a Lei de orzamentos xerais do Estado poida efectuar nos sucesivos exercicios.»

4. Modifícase o artigo 16, nos seus números 1, 2 e 4, da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal, que quedará redactado da seguinte maneira:

«1. A Comisión Nacional do Sector Postal resolverá os conflitos que se susciten entre o operador prestador do servizo postal universal e outros operadores postais que leven a cabo servizos incluídos no dito ámbito, en relación co dereito de acceso á rede postal así como a outros elementos da infraestrutura e servizos postais ofrecidos polo citado operador no ámbito do servizo postal universal.

2. O procedemento de resolución de conflitos deberá respectar os principios de audiencia, contradición e igualdade.»

«4. Tras a presentación da solicitude pola persoa interesada ou polo seu representante, a Comisión remitirá copia da reclamación á parte contra a que se formule, co obxecto de que conteste no prazo de vinte días e propoña, se é o caso, as probas que considere oportunas.»

5. Modifícase o número 2 do artigo 17 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal, que queda redactado como segue:

«2. As instrucións serán aprobadas polo Consello, estarán debidamente motivadas e darase audiencia previa ás organizacións e asociacións recoñecidas pola lei que agrupen ou representen os titulares de dereitos ou intereses lexítimos que garden relación directa co obxecto da instrución.»

6. Modifícase o número 2 do artigo 19 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal, que queda redactado nos seguintes termos:

«A competencia para a instrución do procedemento sancionador corresponderá aos funcionarios do servizo de inspección da Comisión e a competencia resolutoria ao presidente do Consello, no caso das infraccións leves, e ao Consello no das infraccións graves ou moi graves.»

Disposición derradeira segunda. *Posta en funcionamento do censo promocional.*

A Comisión Nacional do Sector Postal, en colaboración cos organismos competentes, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, adoptará as medidas necesarias para garantir o efectivo funcionamento do censo promocional a que se refire o artigo 31 da Lei orgánica de protección de datos.

Disposición derradeira terceira. *Servizos adicionais ou complementarios aos servizos postais.*

Sen prexuízo de que o Goberno poida fixar outros servizos adicionais, considérase como servizo complementario aos servizos postais o servizo de xiro postal, mediante o cal se ordenan pagamentos a persoas físicas ou xurídicas por conta e encargo doutras, a través da rede postal, tal como se define nesta lei.

Este servizo ten a consideración de servizo financeiro de interese económico xeral que deberá prestar, directamente ou a través de terceiros, o operador designado polo Estado para prestar o servizo postal universal, de conformidade en todo o que resulte aplicable, coa Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, e coa súa normativa de desenvolvemento.

A extensión, con especial atención ás zonas rurais, a modalidade de prestación e o sistema de financiamento deste servizo determinaranse no correspondente contrato que se subscriba co citado operador para estes efectos, conforme os requisitos que regulamentariamente se determinen.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de correos prevista no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

Exceptúase do disposto no punto anterior o artigo 30 desta lei, que se dita, ademais, ao abeiro do artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución, que outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre a facenda xeral do Estado.

Disposición derradeira quinta. *Incorporación de dereito comunitario.*

Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Directiva 2008/6/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro do 2008, pola que se modifica a Directiva 97/67/CE en relación coa plena realización do mercado interior de servizos postais comunitarios.

Disposición derradeira sexta. *Habilitación normativa.*

O Goberno poderá ditar cantas normas regulamentarias sexan necesarias para o seu desenvolvemento.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Sen prexuízo do establecido na disposición adicional oitava, esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de decembro do 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO